

Elaboración inicial: xuño de 1996.

Modificacións posteriores: xuño de 2009, xuño de 2011, setembro de 2015, xuño de 2016, xuño de 2017, xuño de 2018, abril de 2022, xuño de 2023.

## **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

### **ÍNDICE XERAL**

#### **DOCUMENTO n.º1: CONTEXTO**

1. Datos do centro
2. Contexto externo e interno
3. Principios, valores e sinais de identidade
4. Obxectivos prioritarios
5. Características singulares

#### **DOCUMENTO n.º 2: CONCRECIÓN CURRICULAR. PROGRAMAS E PROXECTOS**

(Ámbito curricular, autonomía pedagóxica)

1. Concreción curricular
  2. Programas e proxectos
- Proxecto Lingüístico  
Proxecto lector e de biblioteca; PLAMBE  
Plan de igualdade  
Plan xeral de atención á diversidade  
Plans de orientación e acción tutorial  
Plan dixital de centro.  
Plan de actividades físicas e hábitos saudables.  
Outros plans e programas nos que participa o centro:

#### **DOCUMENTO n.º 3 ÁBITO ORGANIZATIVO**

(Autonomía organizativa)

1. Plan de convivencia
2. Normas de Organización, Funcionamento y Convivencia (NOFC)

#### **DOCUMENTO n.º 4 ÁMBITO DE XESTIÓN**

(Autonomía de xestión de recursos)

- Proxecto de xestión de recursos humanos e materiais.

### **AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PEC**

## **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

Elaboración inicial: xuño 1996

Modificacións posteriores: xuño de 2009, 2011, 2015, 2016, 2017, 2018

Última revisión e modificación: xuño 2023

## DOCUMENTO N.º 1

### 1.DATOS DO CENTRO

- a) Nome: IES Cosme López Rodríguez
- b) Localización: Vicente Risco s/n. 32350. A Rúa.
- c) Comunicación:
  - Teléfono: 988310833
  - Correo electrónico: ies.cosme.lopez@edu.xunta.gal
  - Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescosmelopez/>

### 2. CONTEXTO: CONTEXTO EXTERNO E INTERNO

#### 2.1. CONTEXTO EXTERNO.

O instituto está situado na localidade de A Rúa, emprazada nunha terraza fluvial do Sil (Comarca de Valdeorras), no nordés ourensán, a 100 Km da capital de provincia. O concello ten unha extensión de 35,9 Km e unha poboación de 4186 (censo de 1 de xaneiro de 2022) habitantes. Ademais recibe alumnado dos concellos de Petín, Larouco, O Bolo e Vilamartín.

Son todos concellos formados por un elevado número e reducido tamaño dos asentamentos de poboación, nos que a corrente emigratoria acumulada ao longo dos séculos XIX e XX produciu un estancamento e incluso retroceso demográfico e un acusado avellentamento da poboación ata límites críticos nalgúns casos.

O territorio está vertebrado por unha infraestrutura de transporte caracterizada por redes lentas, de trazados antigos, sinuosos e deficientemente dotadas en medios técnicos, que comunican núcleos de poboación moi dispersos no espazo. Máis da metade do alumnado ten que facer uso do transporte escolar, o que condiciona a organización de todo tipo de actividades, sobre todo extraescolares.

A estrutura interna das economías familiares está diversificada. A estrutura agraria caracterízase por: avellentamento da poboación, crecemento vexetativo negativo, perda de iniciativas motivada por unha emigración secular, dispersión dos asentamentos de poboación, elevado número de explotacións agrarias que funcionan en réxime de autoconsumo, agricultura minifundista de policultivo tradicional. Destaca o cultivo arbustivo da vide, que xera unha importante industria vitivinícola na zona cun total de 21 adegas repartidas polos municipios de A Rúa, Petín, Larouco e O Bolo; a vide complementábase con cultivos de horta explotados en réxime familiar de autoconsumo e algunha plantación de froiteiras dispersas no espazo.

A maioría das economías familiares, aínda que ubicadas nun medio rural, reciben ingresos de rendas xeradas fóra da actividade agraria, (sector servizos ou como autónomos): sector pizarreiro, empresa hidroeléctrica Iberdrola con sede das súas oficinas en A Rúa, planta da empresa *Rieter Saifa*, un sector servizos tradicional con empresas de tipo familiar e pequeno comercio cun área de influencia reducida aos núcleos de poboación do municipio.

Desde o punto de vista sociocultural destacar o aumento, nos últimos anos, de poboación procedente do estranxeiro (a maioría procedente de países de América do Sur). É pouco significativa a poboación refuxiada procedente de Ucraína.

Desde o punto de vista lingüístico a maioría das persoas proxenitoras do alumnado e alumnado usa o castelán como idioma habitual, aínda que ten competencia para expresarse en lingua galega.

O Concello de A Rúa conta cos seguintes centros educativos: dous centros de secundaria, un público I.E.S. "Cosme López Rodríguez" e outro privado-concertado, "Pablo VI- Fátima" dous de educación infantil e primaria (público e privado-concertado) Colexio Público de Educación Infantil e Primaria "Manuel Respino" e "Colexio PabloVI-Fátima"; e unha gardería infantil

municipal. Ademais existe unha escola municipal de gaitas, de música, de deporte (fútbol, tenis, multideporte), e un centro asociado da UNED.

Destaca o elevado número de asociacións culturais (10), así como as ANPA dos distintos centros educativos.

O Concello dispón de campo de fútbol, piscina municipal, pavillón de deportes, Centro cultural Avenida, biblioteca municipal, centros xeriátricos e parque de bombeiros.

### **2.1.1 Uso didáctico da contorna**

#### **Obxectivos:**

- Conseguir que a contorna sexa unha prolongación da aula, no contexto dunha educación activa por parte do profesorado.
- Aproveitar como material didáctico valioso os recursos ofertados polo medio.
- Conseguir que o alumnado e as súas nais e pais valoren o medio no que viven.

#### **Medidas:**

- Estudiar as posibilidades didácticas que ofrece o contorno e introducilas nas programacións (concello, industrias pizarreiras, enerxía hidroeléctrica, medio ambiente, montes, ríos etc): Realizar nas materias que sexa posible, actividades escolares que aproveiten os recursos proporcionados polo medio.
- Obxectivos preferentes na relación centro-contorna.
- As actividades realizadas no contorno máis próximo, serán desenvolvidas preferentemente polo alumnado de ESO.

### **2.1.2 Proxección do centro sobre a contorna.**

#### **Obxectivos:**

- Formular os obxectivos anteriores fóra do centro por medio das institucións municipais e locais, ANPAS, etc. Aplicar os principios e valores, xa recollidos noutros apartados deste proxecto, sobre o medio: que alumnado interveña no medio ambiente e vele pola súa conservación, que sexa adecuado cara o consumo, a paz e a solidariedade.
- Que o alumnado adquira un verdadeiro coñecemento do seu contorno, o que contribuirá ao seu respecto.

#### **Medidas:**

- Involucrar ás institucións e asociacións de nais e pais no proceso educativo asignándolles un labor concreto.
- Financiamento das actividades.
- Apoio ao persoal e organización de actividades por parte da ANPA.
- Utilizar os medios de comunicación, concursos convocados polas institucións, realizar actividades extraescolares máis xerais e interdisciplinares, para coñecer e valorar o medio máis próximo.

- Compromiso inicial de que, nas programacións didácticas se concreten as actividades concretas propostas relacionadas co contorno para formular as actividades extraescolares.
- Promover a participación global, facilitando a creación e desenvolvemento de todos os organismos que se consideren necesarios (comisións, grupos de traballo, servicios...).

## 2.2 CONTEXTO INTERNO

### 2.2.1 Historia e traxectoria do centro

O noso centro comezou sendo, no ano 1983, dous Institutos: IB: "Cosme López Rodríguez" e I.F.P: "Cosme López Rodríguez", con equipos directivos e persoal claramente diferenciados, situados ambos nun mesmo edificio e ocupando o primeiro e segundo andar respectivamente. En agosto de 1993 unificáronse os dous institutos no actual I.E.S. "Cosme López Rodríguez", no que se impartían estudos de BUP, COU e FP.

### 2.2.2 Recursos Humanos

#### a) Alumnado.

O número total de alumnas e alumnos oscila entre 200-220 persoas. A distribución por cursos do mesmo varía en función do número de alumnado matriculado cada ano; na actualidade é: dous grupos de 1º de ESO, dous grupos de 2º de ESO, dous grupos de 3º de ESO, un grupo de 4º de ESO, un grupo de 1º de bacharelato. Un grupo de 2º de bacharelato. 2 grupos de FPB (1º e 2º de FPB "Informática de oficina"), dous grupos de ciclo medio de formación profesional "Sistemas microinformáticos e redes" (1º e 2º).

Os órganos de representación (delegadas/os, xunta de delegadas/os, representantes no Consello Escolar) non asumen ben as súas funcións. En cursos pasados fomentouse a constitución da xunta de delegados con reunións, como mínimo, unha vez por trimestre, para tratar problemáticas diversas e temas do seu interese; porén, a falta de cultura participativa, de organización, acaso tamén de información en ambas direccións impediu acadar as metas propostas. O mesmo ocorre cos catro representantes do alumnado no Consello Escolar. É por isto que un dos obxectivos que pretendemos sexa dinamizar a súa participación no funcionamento do centro.

As características académicas, persoais e sociais que presenta este alumnado pódense resumir en:

- Xeneralización do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.  
Apostamos por un salto cualitativo no uso das TICs. Dispoñemos de condicións que favorecen un uso avanzado das TICs: unha infraestrutura que permite acceder a todos os rincóns do centro e un grupo docente familiarizado con estas tecnoloxías e con boa predisposición ao seu uso.
- En xeral poderíamos dicir que o ambiente de traballo é agradable, pero tamén se aprecian en determinados grupos comportamentos altamente disruptivos que deben controlarse aplicando plans de actuación puntuais e consensuados por todo o profesorado que imparte materia neses grupos, coordinados pola xefatura de estudos e co asesoramento do departamento de orientación.

- A participación efectiva de familias, alumnado e profesorado na comisión de convivencia, unida a unha adecuada acción titorial e diálogo continuo teñen que ser o marco para o desenvolvemento do clima escolar que buscamos.
- Heteroxeneidade do alumnado no ámbito académico, con pouco alumnado nos extremos.
- O rendemento académico do noso alumnado varía de acordo co nivel educativo e reflíctese nos índices de promoción dos distintos niveis educativos nos últimos anos. O rendemento académico é máis baixo en ESO que nos bacharelatos e moi heteroxéneo, variando de curso en curso nos ciclos de formación profesional. O alumnado que realiza ás probas de acceso á universidade soe acadar en xuño o 100% de aprobados.
- O centro acolle alumnado procedente dos concellos de A Rúa (a maioría), Petín, O Bolo, Larouco e algún alumnado procedente de Vilamartín e Quiroga. É moi pouco o alumnado procedente do estranxeiro aínda que nos tres últimos cursos este aumentou.
- Trátase dun alumnado pouco reivindicativo, bastante apático, e con pouco hábito de traballo e estudo.
- Hai un reducido número de alumnos e alumnas con familias desestruturadas ou situacións familiares difíciles e complexas.

A diversidade do alumnado esixe:

- Establecemento de metodoloxías novas e participativas.
- Poñer en marcha unha serie de medidas de atención á diversidade. As máis xeneralizadas son as medidas ordinarias como: adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión de aula ás características do alumnado, adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno, un aula de atención educativa e convivencia, reforzo educativo e apoio, plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso, programa de habilidades sociais.

En menor medida, dado que afecta a un número menor de alumnado, aplícanse medidas extraordinarias de atención a diversidade coordinadas polo departamento de orientación como: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe e atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

- Potenciar a titoría individual do alumnado para facilitar a súa integración no grupo.
- Afondar na relación coas familias para conseguir compromisos delas en relación coa convivencia, coa formación e co rendemento do alumnado.

## **b) Profesorado**

O cupo de profesorado é de 29-30 persoas, ao que temos que sumar un profesor de relixión e unha profesora de pedagogía terapéutica. A porcentaxe de profesorado definitivo é do 78% (dous en comisión de servizos) e máis da metade da plantilla supera os 50 anos de idade. Trátase dunha plantilla que participa en actividades de formación e innovación educativa, e cando se solicita a súa colaboración.

O equipo directivo está formado por unha directora, unha vicedirectora, unha secretaria e unha xefa de estudos.

Como órganos colexiados este centro conta con claustro, consello escolar, comisión de coordinación pedagóxica, xuntas de delegadas/os, xuntas de avaliación e departamentos didácticos (presididos pola correspondente xefa/e de departamento, que é a persoa representante na CCP).

As relacións persoais son fluídas e cordiais, non hai enfrontamentos no claustro, de profesorado entre si nin de profesorado e equipo directivo.

### **c) Nais e pais do alumnado.**

As relacións co profesorado son boas. A maioría non solicitan reunións de titoría, aínda que hai nais e algún pai que o fan con regularidade.

A participación dos representantes de pais e nais no Consello Escolar é moi positiva e activa interesándose pola boa marcha do centro e prestándose voluntarios na realización de moitas tarefas. Porén, é insignificante a participación nas votacións da elección de representantes deste sector no Consello Escolar.

A ANPA é bastante activa, colaboran en certames, festivais, cursos, premios, actividades extraescolares, etc.

### **d) Persoal non docente**

Está formado por unha persoa administrativa, dúas persoas subalternas e tres persoas de limpeza. Destaca o bo clima de traballo, sendo fundamentais na organización e funcionamento do centro.

## **2.2.3. Recursos materiais**

### **a) Instalacións.**

O centro dispón de 18 aulas de capacidade diversa que condicionan o tamaño dos grupos. Todas as aulas con instalación en rede e acceso a Internet, canón e pantalla.

#### **Aulas específicas con instalación en rede e acceso a Internet, canón e pantalla.**

- Unha aula de Informática de bacharelato.
- Unha aula de Informática do ciclo de FP Básica.
- Unha taller de Informática do ciclo de FP Básica.
- Dúas aulas de Informática do Ciclo de grao Medio.
- Unha aula de Debuxo.
- Unha aula de Educación Plástica e Visual.
- Unha aula de Música con dotación de instrumentos diversos, equipo de música e ordenador.
- Unha aula taller de Tecnoloxía.
- Unha aula de pedagogía terapéutica.
- Unha aula de audición e linguaxe.
- Unha aula de idiomas.
- Unha aula de Polo Creativo.

**Laboratorios para realizar as prácticas e/ou impartir as materias de ciencias:**

- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.
- Laboratorio de Física.
- Laboratorio de Química.

#### Outras dependencias:

- Biblioteca.
- Radio
- 11 despachos para os diversos departamentos.
- Un despacho para o departamento de orientación.
- Unha sala de profesoras e profesores.
- Un pavillón deportivo para educación física e outras actividades.
- Sete aseos repartidos entre os distintos andares do centro.
- Dous aseos exteriores.
- Unha cociña, un comedor e un almacén.
- Catro despachos do equipo directivo.
- Un despacho de Secretaría.
- Conserxería.
- Cafetería.
- Unha sala de atención a nais e pais.
- Salón de actos
- Almacéns.

#### b) Equipamento

O mobiliario é adecuado aínda que sería necesario poñer estantes ou armarios nas aulas.

### 3. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

#### MISIÓN

Somos un centro público de educación secundaria no que a idea nuclear que nos guía é que todas as alumnas e os alumnos adquiren as competencias necesarias para unha formación integral para afrontar con éxito o seu futuro persoal, académico e profesional, nun ambiente de respecto e confianza, tendo en conta a súa diversidade.

Formar persoas libres, equilibradas, reflexivas, indagadoras, íntegras, solidarias, informadas, instruídas, creativas, audaces, respectuosas e responsables.

#### VISIÓN

Aspiramos a ser un centro:

- **Inclusivo, equitativo, igualitario, coeducador, solidario e ecolóxico**, no que a igualdade entre mulleres e homes estea presente na acción educativa do centro, no que se garantice a igualdade de oportunidades e se leve a cabo reciclaxe e aforro enerxético.
- **Innovador**: aberto á innovación pedagóxica e tecnolóxica, que aspire a unha mellora nos resultados académicos e na práctica docente e que conte cun grupo de profesionais implicados, motivados e en continua formación, que adecúe a metodoloxía ás novas técnicas e á realidade social que nos rodea.
- **Aberto, cercano e comunicativo**: integrado na contorna e que promova a propia cultura, costumes e valores.
- **Democrático, participativo e de responsabilidade compartida**. Queremos un centro:
  - Que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade e a xustiza.

- Que prepare ás nosas alumnas e alumnos para o exercicio dunha cidadanía crítica e responsable.
  - Plural, que acolla a todas as persoas e fomente a colaboración entre as familias, o alumnado e o profesorado.
- **Acolledor, que manteña o bo clima de convivencia**, que guíe todas as súas actuacións desde o respecto aos dereitos humanos e o principio de convivencia democrática.
  - **Normalizador e dinamizador da lingua galega e plurilingüismo**. Queremos un centro que favoreza a normalización no uso do galego e que aposte pola formación de alumnas e alumnos plurilingües.
  - **Eficaz, eficiente e transparente na xestión** en todos os ámbitos da súa autonomía.
  - **Autocrítico**: afianzando unha cultura de mellora continua.

## VALORES

O centro potenciará a educación intercultural que entende que tódalas sociedades son heteroxéneas culturalmente e que os procesos de cambio cultural aféctannos a todas e a todos.

O noso centro pretende fomentar valores como a aceptación mutua, a comunicación, a cooperación, a igualdade, o pluralismo cultural e a tolerancia.

**Os principais valores que nos identifican son:** respecto, igualdade, tolerancia, equidade, solidariedade, responsabilidade, compromiso, autonomía persoal do alumnado, esforzo.

Poderíamos sintetizalos no respecto en tres vertentes (respecto a un mesmo, respecto aos demais e respecto ao medio)

- **Respecto a un mesmo:**
  - Valorar os efectos que ten para a saúde e a calidade de vida a práctica habitual do deporte, a hixiene e a alimentación equilibrada.
- **Respecto aos demais:**
  - Valorar a superación persoal non competitiva, transformar todo tipo de agresividade positiva en negativa, e aceptar o reto que supón competir con outros, sen que iso supoña actividades de rivalidade mal entendida; tomar a oposición como unha estratexia do xogo, non coma unha actividade fronte ós demais.
  - Valorar os éxitos dos demais, a apertura e comunicación con outros, axudar ós menos capacitados, e estimular a solidariedade.
  - Identificar disciplina e orde como valores positivos, non como resultado dunha represión ou obediencia imposta.
  - Respetar o pluralismo ideolóxico, o conxunto de valores democráticos e dereitos humanos e rexeitar calquera tipo de discriminación. Promover a comunicación e a tolerancia.
  - Educar para a paz e non á violencia. Recuperar as normas de convivencia e o respecto ós demais.

**Respecto ao medio:**



- Conservar, respectar e defender o medio, empezando polo propio contorno (centro: aulas, instalacións deportivas, laboratorios, material escolar, xardíns, cafetería...), e estender estas actitudes ao noso pobo, país, e en xeral á natureza.
- Valorar a importancia que ten a correcta utilización do que a natureza nos ofrece.
- Educar para o consumo, e evitar o aumento de lixo, o despilfarro de enerxía, auga e outros bens naturais, e concienciar da limitación dos recursos naturais.
- Utilizar o coñecemento dos seres vivos e a natureza para desfrutar do medio natural.
- Adoptar unha actitude crítica e fundamentada ante graves problemas actuais como deforestación e contaminación.

#### 4. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

- Educar para que o alumnado coñeza, respecte e defenda os principios recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos evitando actitudes de rexeitamento e discriminación por sexo, raza ou relixión.
- Favorecer un clima de tolerancia e respecto entre todos os membros da comunidade educativa, resolvendo os conflitos por medio do diálogo e a participación responsable.
- Educar para que o alumnado sexa respectuoso coas normas de convivencia e na súa relación con todas as persoas.
- Crear no centro un ambiente de traballo gratificante para todas e para todos.
- Fomentar a convivencia e a participación de todos os estamentos da comunidade educativa, especialmente a través do Consello Escolar, xunta de delegados, claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica.
- Facilitar cauces de expresión e participación do alumnado, as familias e o profesorado, potenciando a colaboración de todas e de todos na organización do centro.
- Fomentar a colaboración do instituto con outros centros educativos, asociacións e organismos locais.
- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade das nosas alumnas e alumnos, axudándoas a aprender, razoar e tomar decisións por sí mesmas.
- Potenciar o desenvolvemento emocional das alumnas e alumnos traballando habilidades que lles permitan crecer como persoas e establecer relacións interpersoais positivas.
- Capacitar ás alumnas e alumnos para que, responsable e libremente, poidan tomar decisións persoais, desenvolvendo e exercitando á vez o seu sentido crítico e aumentando a súa autoestima e conseguir que afronten os seus éxitos e os seus fracasos, recoñecendo as súas propias cualidades e defectos.
- Priorizar as propostas educativas que teñan como eixo a inclusión real de todas as alumnas e alumnos.
- Potenciar o seguimento individualizado de cada alumna e alumno como estratexia prioritaria de calquera intervención.
- Potenciar mediante as actividades complementarias e extraescolares a formación para a boa utilización do tempo de ocio, especialmente a través de actividades de carácter cultural, lúdico e deportivas.
- Fomentar o gusto pola lectura e a corrección na expresión oral e escrita.
- Potenciar o uso das TICs, poñéndoa ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Lograr que o alumnado do centro alcance o máximo desenvolvemento das súas competencias, fomentando aquelas nas que destaquen individualmente.
- Desenvolver unha metodoloxía de ensino baseada en estratexias que fomenten a actividade intelectual do noso alumnado.
- Conseguir unha coordinación eficaz e eficiente do profesorado que teña como prioridade a mellora dos resultados académicos e a formación continua.
- Axudar ao alumnado a descubrir os valores e a cultura propia e valorar en igualdade de condicións outras culturas diferentes.
- Coñecer outros pobos e culturas; favorecer a integración social e lingüística do alumnado procedente do estranxeiro. Aceptar de maneira positiva as distintas culturas, respectar as diferencias e loitar activamente contra calquera manifestación intolerable cara a diversidade, tentando de superar prexuízos e estereotipos.
- Favorecer o desenvolvemento da creatividade e espírito crítico.
- Impulsar a formación permanente do profesorado como indicador dunha educación de calidade.
- Favorecer o desenvolvemento profesional e o entorno laboral do profesorado.
- Educar para a paz, a solidariedade e o respecto do medio ambiente.
- Fomentar o ensino non obrigatorio que se imparte no centro: bacharelato, que o alumnado de 4º ESO continúe estudos de bacharelato nas modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias e Tecnoloxía, e ciclos formativos de formación profesional de grao medio (Sistemas Microinformáticos e Redes) favorecendo o seu coñecemento e valoración social.
- Fomentar a relación coas empresas onde o alumnado de ciclos formativos pode desenvolver a súa actividade laboral no futuro.

## 5. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

### - Oferta educativa

No noso centro ademais de Educación Secundaria Obligatoria (1º a 4º ESO) ofértanse dúas modalidades de bacharelato (Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias e Tecnoloxía) e impártense ciclos de formación profesional, en concreto un ciclo de grao básico de Informática de Oficina e un ciclo de grao medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

### - Probas acceso á universidade

Desde o curso 1990-1991 o instituto é sede dunha comisión delegada para a celebración das probas de acceso á universidade. Acolle alumnado de segundo de bacharelato dos centros educativos de A Rúa (IES e Colexio Fátima-Pablo VI), Proba de Trives, Viana do Bolo, Quiroga e O Barco (IES Lauro Olmo e IES Martaguisela).

### - Servizos complementarios: transporte e comedor escolar

- Biblioteca: BiblioCosme, Radio

- Polo creativo

## DOCUMENTO N.º 2

### I. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

- (DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

## 1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ESO

Segundo o artigo 7 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os seus dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento dos valores democráticos: que o alumnado valore a responsabilidade, a cooperación, a solidariedade e o espírito crítico xunto a formación cultural e técnica a través de traballos colabóratevos que deberan proxectarse en todas as materias.
- Elaboración consensuada das normas de convivencia de aula, consello escolar de aula.
- Promoción de conferencias e obradoiros (Departamento de orientación e departamento de actividades complementarias e extraescolares) orientadas á construción dunha convivencia positiva.
- Reunións periódicas das persoas titoras co departamento de orientación para o deseño de actuacións conxuntas encamiñadas á consecución deste obxectivo.
- Potenciación do funcionamento da comisión de convivencia e da comisión de igualdade no seo do consello escolar.
- Potenciación da participación de todo o alumnado en actividades de aula, proxectos e xogos evitando a exclusión e calquera tipo de discriminación.
- Fomento do uso do diálogo como un medio para confrontar ideas, defender puntos de vista, argumentacións, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto doutras ideas, argumentación).
- Aplicación de programas específicos para o traballo de valores: respecto e solidariedade, habilidades básicas das interaccións sociais e hábitos e actitudes que fomenten a

convivencia dedicando un tempo semanal a este tipo de programas a través do plan de acción tutorial, implementándoo nas titorías.

- Desenvolvemento de actividades co alumnado a través de institucións como a Cruz Vermella , Plan Director da Grada Civil, Programa Quérote máis, encamiñadas á consecución deste obxectivo.

**b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Deseño, nas programacións didácticas, de actividades que favorezan o traballo en grupo e cooperativo, metodoloxías nas que se fomente o respecto e a solidariedade.
- Adopción, en todas as materias que se imparten no centro, de estratexias metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa.
- Fomento do diálogo como un medio para confrontar ideas, defender puntos de vista, argumentacións, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto doutras ideas, argumentación).
- Realización de dinámicas de cohesión grupal nas sesións lectivas de titoría (PAT).
- Implementación do plan de acción tutorial, con técnicas de estudo que se traballarán nas sesións lectivas de titoría.
- Implementación das actividades recollidas no plan anual de lectura.
- Implementación das actuacións do plan anual de convivencia.

**c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado en datas sinaladas como o 25 de novembro, 8 de marzo, e outras celebracións, nas que se fan actividades desde unha perspectiva de xénero.
- Potenciación da participación de todo o alumnado en actividades de aula, proxectos e xogos evitando a calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Educación na igualdade entre mulleres e homes a través da selección dos materiais e recursos utilizados, corrección de comportamentos sexistas, rexeitamento de comportamentos sexistas e destacar a contribución de mulleres en todos os campos de saber. Isto reflectirase e porase en práctica nas programacións didácticas elaboradas polos distintos departamentos.
- Existencia dunha persoa responsable de coeducación no Consello Escolar e potenciación do funcionamento da comisión de convivencia e da comisión de igualdade.

- Difusión dos obxectivos coeducativos entre a comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través das titorías, escola de nais e pais, actividades organizadas polo departamento de orientación e polo departamento de actividades complementarias e extraescolares con distintas institucións etc.
- Concreción de contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro desde o plan de acción tutorial.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Presenza da coeducación como unha sinal de identidade do centro no PEC.
- Utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva nas expresións visuais, orais, escritas e nos entornos dixitais, facendo un especial seguimento nas comunicacións e nos documentos escritos.
- Desterro dos vellos tópicos sexistas por medio de diferentes intervencións, como actividades de documentación e investigación, proxección de vídeos, películas e charlas por persoal cualificado e experto en materia de xénero. Desmitificar tarefas masculinas e femininas e promover condicións de favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- Distribución paritaria das aulas, traballos colaborativos entre rapazas/es.
- Integración da perspectiva de xénero no PAT (autonomía persoal, diversidade afectivo-sexual, corresponsabilidade etc.) e na mellora da convivencia no centro. Promoción de actuacións encamiñadas ao respecto pola diversidade afectivo-sexual, sobre todo a través do PAT.
- Favorecemento da representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Promoción de actuacións encamiñadas á prevención, detección e intervención en caso de LGBTIfobia.

**d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento das actividades complementarias, en horario lectivo, por parte do departamento de orientación e o departamento de actividades complementarias e extraescolares con actividades sobre convivencia e resolución pacífica de conflitos (Quérote +); obradoiros da Cruz Vermella sobre prevención de condutas violentas, educación sexual, hábitos saudables; Conferencias da Garda Civil, a través do Plan Director sobre prevención da violencia de xénero, entre outras.
- Realización de actuacións curriculares na conmemoración de datas significativas relacionadas con este obxectivo, planificadas polo Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

- Promoción, desde o departamento de orientación e o departamento de actividades complementarias e extraescolares, conferencias e obradoiros orientados á construción dunha convivencia positiva.
  - Reunións periódicas das persoas titoras para o deseño de actuacións conxuntas encamiñadas á consecución deste obxectivo.
  - Potenciación do funcionamento da comisión de convivencia e da comisión de igualdade no seo do consello escolar.
  - Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a: expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara as emocións dos demais; desenvolver a empatía; aprender a ser asertivos, superando a inseguridade; identificar e denunciar situacións de violencia e abuso e rexeitar ás persoas violentas e abusadoras. A través do Plan de acción tutorial.
  - Aplicación de programas específicos para o traballo de valores: respecto e solidariedade, habilidades básicas das interaccións sociais e hábitos e actitudes que fomenten a convivencia dedicando un tempo semanal a este tipo de programas a través do plan de acción tutorial, implementándoo nas titorías.
  - Planificación da realización de dinámicas de autoconhecimento e coñecemento mutuo, dinámicas de mellora da autoestima, dinámicas de habilidades sociais, nas sesións lectivas de titoría (PAT).
  - Promoción de actuacións encamiñadas á prevención, detección e intervención en caso de LGBTIfobia.
  - Promoción de actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero.
- e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Adopción, en todas as materias que se imparten no centro, estratexias metodolóxicas que aprendizaxe cooperativa. As programacións didácticas incluírán a realización entre o alumnado de traballos cooperativos e proxectos, a través do vaciado de distintas fontes, utilizando as tecnoloxías da información e comunicación con responsabilidade.
- Potenciación entre o alumnado, por parte do profesorado, o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadosos cos datos persoais onde aparecen e a quen se lle proporcionan e non responder á provocación a través dos medios tecnolóxicos.
- Formación continua do profesorado nas tecnoloxías da información, comunicación e innovación educativa, a través de obradoiros, cursos e seminarios organizados desde o Plan anual de formación do profesorado do centro.
- Utilización, por parte do profesorado de todas as materias, da aula virtual do centro.

**f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Planificación, por parte do profesorado, da realización de pequenos proxectos nas distintas materias nos que se aplique o método científico.
- Adopción, en todas as materias que se imparten no centro, de estratexias metodolóxicas que aprendizaxe cooperativa.

**g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- En todas as materias proxectaranse traballos colaborativos nos que o alumnado valore a responsabilidade, a cooperación, a solidariedade e o espírito crítico xunto a formación cultural e técnica.
- Deseño de pequenos proxectos, individuais ou grupais, nas distintas materias encamiñados a desenvolver e potenciar a competencia emprendedora e de aprender a aprender.
- Deseño de actividades encamiñadas á consecución da competencia emprendedora, e de aprender a aprender.
- Adopción, en todas as materias que se imparten no centro, de estratexias metodolóxicas que impulsen a aprendizaxe cooperativa.

**h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento, desde o departamento de orientación, da atención á diversidade proporcionando apoios e reforzos na materias de Lingua Castelá e literatura e Lingua Galega e Literatura a aquel alumnado que o necesite.
- Establecemento, dentro do plan anual de lectura, a "hora de ler" para o alumnado de ESO.

Posta en práctica das medidas recollidas no plan anual de lectura encamiñadas a conseguir este obxectivo.

- Desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.
- O profesorado impartirá, segundo o establecido no Proxecto Lingüístico, de xeito integrado o currículo de todas as linguas da oferta educativa do centro.

### **iComprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Desenvolver a competencia plurilingüe a través da participación do alumnado en plans e programas encamiñados á consecución deste obxectivo, coordinadas polo departamento didáctico de Lingua Estranxeira Inglés e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Impartición de xeito integrado do currículo de todas as linguas da oferta educativa do centro. Segundo o establecido no Proxecto Lingüístico.

### **jCoñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Participación do alumnado en actividades, visitas, exposicións, concursos...organizadas por institucións culturais da contorna.
- Realización de traballos, nas distintas materias, relacionados coa contorna máis próxima.

### **k Coñecer e aceptar o coñecemento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento das actividades complementarias, en horario lectivo, por parte do departamento de orientación e o departamento de actividades complementarias e extraescolares con actividades e obradoiros sobre hábitos saudables, medio ambiente e consumo responsable, coñecemento da dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- Sociedade e alimentación, drogas e sexualidade: prexuízos, estereotipos e mitos en torno a la alimentación e canons sociais de beleza.
- Habilidades individuais e sociais: autoestima, comunicación, capacidade analítica e crítica, autonomía na toma de decisións, resistencia á presión grupal, empatía e asertividade.
- Alternativas de ocio e tempo libre.
- Elaboración e implementación dun plan de mellora medioambiental aplicado ao centro.
- Elaboración e implementación dun Plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma por parte do alumnado do centro.



- Reunións periódicas das persoas titoras co departamento de orientación para o deseño de actuacións conxuntas encamiñadas á consecución deste obxectivo.

**l Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diferentes medios de expresión e representación.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais nas distintas materias de xeito que o alumnado realice proxectos, actividades nas que deba coñecer, seleccionar e utilizar con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa.
- Participación do alumnado en concursos organizados polos departamentos didácticos encamiñados á consecución deste obxectivo.

**m Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Realización de actividades programadas no Plan de dinamización da lingua galega, coordinadas pola persoa coordinadora de dinamización da lingua galega.
- Realización actividades nas materias dos distintos cursos referidas ao patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia.

**n Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófana.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Implementación do Proxecto Lingüístico do centro.
- Realización de actividades programadas no Plan de dinamización da lingua galega, coordinadas pola persoa coordinadora de dinamización da lingua galega.

## **1.2. OBXECTIVOS XERAIS BACHARELATO**

Segundo o artigo 7 do Decreto 15/2022, o bacharelato contribuirá a desenvolver noas alumnas e alumnos as capacidades que lle permitan:

**a Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento dos valores democráticos: que o alumnado valore a responsabilidade, a cooperación, a solidariedade e o espírito crítico xunto a formación cultural e técnica a través de traballos colaborativos que deberan proxectarse en todas as materias.
- Potenciación en todas as materias do diálogo como un medio para confrontar ideas, defender puntos de vista, argumentacións, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto doutras ideas, argumentación).
- Realización de debates e disertacións por parte do alumnado, cuxa posta en práctica permita enxalzar os valores democráticos que deben rexer na sociedade.

**b Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lle permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Fomento das actividades complementarias, en horario lectivo, por parte do departamento de orientación e o departamento de actividades complementarias e extraescolares con actividades sobre convivencia e resolución pacífica de conflitos (Quérote +); obradoiros da Cruz Vermella sobre prevención de condutas violentas, educación sexual, hábitos saudables; Conferencias da Garda Civil, a través do Plan Director sobre prevención da violencia de xénero, entre outras.
- Realización de actuacións curriculares na conmemoración de datas significativas relacionadas con este obxectivo, planificadas polo Departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Educación en sentimentos, actitudes e valores, ensinando a: expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara as emocións dos demais; desenvolver a empatía; aprender a ser asertivos, superando a inseguridade; identificar e denunciar situacións de violencia e abuso e rexeitar ás persoas violentas e abusadoras.
- Desenvolvemento transversal en todas as materias de actividades nas que se traballen valores: respecto e solidariedade, habilidades básicas das interaccións sociais e hábitos e actitudes que fomenten a convivencia

**c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidades de xénero, ou calquera outra situación ou circunstancia persoal ou social.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Educación na igualdade entre mulleres e homes a través da selección dos materiais e recursos utilizados, corrección de comportamentos sexistas, rexeitamento de comportamentos sexistas e destacar a contribución de mulleres en todos os campos de saber. Isto reflectirase e porase en práctica nas programacións didácticas elaboradas polos distintos departamentos.

- Difusión dos obxectivos coeducativos entre a comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través de, actividades organizadas polo departamento de orientación e polo departamento de actividades complementarias e extraescolares con distintas institución.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado en datas sinaladas como o 25 de novembro, 8 de marzo, e outras celebracións, nas que se fan actividades desde unha perspectiva de xénero.
- Presenza da coeducación como unha sinal de identidade do centro no PEC.
- Existencia dunha persoa responsable de coeducación no Consello Escolar e da comisión de igualdade.
- Impartición dunha materia de libre configuración específica de igualdade de xénero como é a Coeducación para o século XXI en primeiro de bacharelato.
- Realización de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos: promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectiva-sexual
- Utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva nas expresións visuais, orais, escritas e nos entornos dixitais, facendo un especial seguimento nas comunicacións e nos documentos escritos.
- Desterro dos vellos tópicos sexistas por medio de diferentes intervencións, como actividades de documentación e investigación, proxección de vídeos, películas e charlas por persoal cualificado e experto en materia de xénero. Desmitificar tarefas masculinas e femininas e promover condicións de favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- Traballar en coordinación co departamento de orientación e coa xefatura de estudos, para seguir integrando a perspectiva de xénero no PAT (autonomía persoal, diversidade afectivo-sexual, corresponsabilidade, etc.) e na mellora da convivencia no centro. Promoción de actuacións encamiñadas ao respecto pola diversidade afectivo-sexual, sobre todo a través do PAT.
- Favorecemento da representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Promoción das actuacións encamiñadas á prevención, detección e intervención en caso de LGBTifobia.

**d Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Adopción, en todas as materias que se imparten no centro, estratexias metodolóxicas que aprendizaxe cooperativa.

- Implementación das actividades recollidas no plan anual de lectura.
- Implementación das actuacións do plan anual de convivencia.

**e Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Implementación das medidas recollidas no plan anual de lectura encamiñadas a conseguir este obxectivo.
- Desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística en todas as materias segundo as actividades propostas: debates, comentarios de texto, exposicións de traballos... e a expresión escrita nos exames.
- O profesorado impartirá, segundo o establecido no Proxecto Lingüístico, de xeito integrado o currículo de todas as linguas da oferta educativa do centro.

**f Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Desenvolver a competencia plurilingüe a través da participación do alumnado en plans e programas encamiñados á consecución deste obxectivo, coordinadas polo departamento didáctico de Lingua Estranxeira Inglés e do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- O profesorado impartirá, segundo o establecido no Proxecto Lingüístico, de xeito integrado o currículo de todas as linguas da oferta educativa do centro.

**g Utilizar con solvencia e responsabilidades as tecnoloxías da información e da comunicación.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Todo o profesorado potenciará entre o alumnado o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadosos cos datos persoais onde aparecen e a quen se lle proporcionan e non responder á provocación a través dos medios tecnolóxicos.
- Elaboración e presentación de proxectos, actividades...utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

**h Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Tratamento transversal do tema en todas as materias.

**i Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Deseño de tarefas, plasmadas nas programacións didácticas, que faciliten a consecución deste obxectivo.
- Aplicación de metodoloxías que favorezan o dominio das habilidades básicas propias de cada modalidade de bacharelato.

**j Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo: **facen**

**k l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Programación de actividades en todas as materias encamiñadas á consecución da competencia emprendedora, destacando a realización de proxectos colaborativos.
- Tratamento transversal do tema en todas as programacións didácticas.
- Participación do centro no Programa eduEmprende Actúa

**l Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais nas distintas materias de xeito que o alumnado coñeza, seleccione e utilize con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.
- Participación do alumnado en concursos organizados polos departamentos didácticos encamiñados á consecución deste obxectivo.

**m Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Elaboración e implementación dun Plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma por parte do alumnado do centro.
- Realización de charlas e conferencias sobre a importancia da actividade física e o deporte na adolescencia.

**n Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Realización de actividades, obradoiros, charlas sobre o tema coordinadas polo departamento de orientación de do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

**o Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Elaboración e implementación dun plan de mellora medioambiental aplicado ao centro.
- Tratamento transversal do tema en todas as programacións didácticas.

**p Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.**

Actuacións no centro encamiñadas á consecución deste obxectivo:

- Tratamento transversal do tema en todas as programacións didácticas.

## 2. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

### COMPETENCIAS CLAVE

Son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018.

Eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

### CONTRIBUCIÓN A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

#### a. Comunicación lingüística (CCL)

- Comprendendo, interpretando e valorando con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento

- Localizando, seleccionando e contrastando de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.
- Lendo con autonomía obras relevantes da literatura e poñéndoas en relación co seu contexto sociohistórico de produción, e coa tradición literaria anterior e posterior, e examinando a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural.
- Poñendo as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

### **b) Competencia plurilingüe (CP)**

- Utilizando con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- Partindo das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.
- Coñecendo e valorando criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepondo a comprensión mutua como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

### **c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)**

- Seleccionando e utilizando métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.
- Utilizando o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándoas ou comprobándoas mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.
- Formulando e desenvolvendo proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.
- Interpretando e transmitindo os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas

e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.

- Planeando e emprendendo accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física e mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

#### **d) Competencia dixital (CD).**

- Realizando procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura en internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.
- Creando, integrando e reelaborando contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento
- Seleccionando, configurando e utilizando dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
- Avaliando riscos e aplicando medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.
- Desenvolvendo solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

#### **e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**

- Fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.
- Desenvolvendo unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.
- Adoptando de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e o das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.
- Amosando sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia.
- Distribuindo nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.



- Comparando, analizando, avaliando e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.
- Planificando a longo prazo, avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.

#### **f) Competencia cidadá (CC)**

- Analizando feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madureza persoal e social, adquirindo unha conciencia cidadá e responsable, desenvolvendo a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.
- Recoñecendo, analizando e aplicando en diversos contextos, de forma crítica e consecuente, os principios, os ideais e os valores relativos ao proceso de integración europea, a Constitución española, os dereitos humanos e a historia e o patrimonio cultural propios, á vez que participa en todo tipo de actividades grupais cunha actitude fundamentada nos principios e nos procedementos democráticos, o compromiso ético coa igualdade, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- Adoptando un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.
- Analizando as relacións de interdependencia e ecoddependencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

#### **g) Competencia emprendedora (CE)**

- Avaliando necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico con proxección profesional emprendedora.
- Avaliando e reflexionando sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios, que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.
- Levando a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias

áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia tanto de éxito como de fracaso unha oportunidade para aprender

#### **h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)**

- Reflexionando, promovendo e valorando criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.
- Investigando as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.
- Expresando ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que se derivan da práctica artística.
- Descubrindo a autoexpresión, a través da interacción corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.
- Seleccionando e integrando con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais audiovisuais sonoras ou corporais para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.
- Planificando, adaptando e organizando os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

### **3. CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Non hai dúbida de que un dos obxectivos esenciais da actividade educativa é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral das alumnas e dos alumnos. Polo tanto, debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

No artigo 18 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a

comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Ao mesmo tempo, promoverá a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Ademais, as diferentes materias e actividades desenvolvidas no centro deben contribuír a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

O noso alumnado debe ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o ocio para, deste xeito, poder integrarse con menor dificultade ao mundo adulto. Tamén é básico que aprenda a ser conscientes da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde. Ademais, ha de ter moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no coidado do medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralas. Outro aspecto que se debe salientar é o do respecto: os alumnos e as alumnas deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados, entendendo que as diferenzas entre individuos resultan enriquecedoras e que a empatía favorece a comunicación, a convivencia e, en definitiva, fortalece as relacións humanas.

Por último, sinalaremos que, no deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- a.a Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- a.b Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- a.c Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## **4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA**

### **INTRODUCCIÓN E FUNDAMENTACIÓN METODOLÓXICA**

A proposta metodolóxica do centro, senta as súas bases teóricas no construtivismo ou aprendizaxe significativa enunciado primordialmente por Vigotsky, Piaget e Ausubel e que, en

liñas xerais, postula a idea de que os estudantes son os protagonistas do seu propio proceso de aprendizaxe ao construíren novos coñecementos en base a ideas e experiencias do mundo que xa posúen.

Ademais, engadiremos a devandita proposta, a Teoría de Intelixencias Múltiplas enunciada por Howard Gardner, que sostén que todos temos varios tipos de intelixencias, as cales debemos interpretar como "habilidades destacadas que permiten a cada individuo interpretar os fenómenos que ocorren na súa contorna e/ou adquirir novos coñecementos dun modo distinto en cada caso ( atención a diversidade), aquel que, de xeito natural, lle é máis propicio. Ou, o que é o mesmo, Gardner suxire que, como docentes e como centro educativo, non obviemos as diferenzas existentes entre o noso alumnado, senón que tratemos de ensinar a todas e todos para que poidan aprender tanto como lles sexa posible e, asimesmo, que sexan capaces de ensinar aos demais o aprendido dun modo que sexa cómodo para eles. Isto é, atendendo á diversidade e potenciando as habilidades ou competencias que son connaturais a cada alumna/o.

En concreto, estas intelixencias ou habilidades destacadas, son: a Lingüística, a Lóxico-Matemática, a Musical, a Viso-Espacial, a Cinético-Corporal, a Interpersoal, a Intrapersoal, a Naturalista e a Existencial.; as cales deberán ser detectadas e potenciadas.

Por outra banda, a nova lexislación educativa (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre. LOMLOE) insiste sobre a necesidade de traballar por competencias, de xeito colaborativa e mediante proxectos, é por iso, que na proposta metodolóxica do centro se inclúen os métodos ABP (Aprendizaxe Baseado en Proxectos) e aprendizaxe colaborativa fronte a aprendizaxe por grupos.

A ABP permite que o alumnado adquira habilidades de xeito práctico e autónomo, ademais, permite traballar varias competencias simultaneamente e asenta as súas bases na transversalidade e o traballo por ámbitos. Asimesmo, trae consigo outro aspecto que conforma a fundamentación metodolóxica do centro, o traballo en base a metodoloxías activas contextualizadas ou, o que é o mesmo, a aprendizaxe baseada en experiencias, que considera que a aprendizaxe xorde da transformación que provoca a experiencia (causa-efecto, erro-acerto) e que está intimamente relacionado co construtivismo.

Ademais destes principios teóricos, o centro tivo en conta a normativa legal, en concreto o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, e o 157/2022, do 15 de setembro, polos que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e bacharelato respectivamente, na Comunidade Autónoma de Galicia. E, en particular, os artigos 17, para ESO; e 18 para BACHARELATO, onde se establecen os principios pedagóxicos para cada un dos devanditos decretos. Así, en base a eses principios, o centro establece os seguintes PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS:

- a Empregar a investigación individual ou colaborativa como vía de aprendizaxe: partindo dos propios intereses do alumnado, realizando hipóteses e poñéndoas a proba, buscando a información e contrastándoa.
- b Empregar a investigación en equipo a través de proxectos (ABP) como vía de aprendizaxe: partindo dos propios intereses do alumnado, realizando hipóteses e poñéndoas a proba, buscando a información e contrastándoa.
- c Aproveitar os momentos de investigación recollidos no apartado b. para Desenvolver un clima de cooperación mutua e aceptación: a través do traballo en equipo, o diálogo, o consenso e a atención aos problemas que poidan alterar o equilibrio persoal ou afectivo do alumnado. Cuestión que se concreta no apartado 3 do Decreto156/2022 cando establece, co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros

docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- d Fomentar as actividades contextualizadas baseadas na resolución de problemas reais (aprendizaxe baseada en experiencias) coa finalidade de motivar ao alumnado nas súas aprendizaxes e mellorar as súas habilidades para no ámbito persoal, laboral e puramente académico.
- e Partir do que o alumnado xa sabe: concedendo a oportunidade de que este poida ampliar os seus coñecementos ou/e cambiar as súas crenzas acerca dun tema a través do pensamento crítico, autónomo e rigoroso.
- f Favorecer métodos de aprendizaxe autónomos: nos que cada alumno poida poñer en xogo as metodoloxías de aprendizaxe e ensino que encaixen co seu carácter, habilidades e capacidades, atendendo as súas intelixencias ou habilidades predominantes e aceptando diversos modos de resolver unha mesma situación ou problema.
- g Propoñer actividades e metodoloxías que inclúan a diversidade: traballando desde unha perspectiva que permita a cada alumno recoller e reestruturar a información desde diversas perspectivas e facendo uso das súas intelixencias ou habilidades.
- h Promover o uso das tecnoloxías da información e comunicación como parte do traballo cotián, comprendendo que estas ferramentas formarán parte da súa vida persoal e profesional.
- i Favorecer a lectura e comprensión de textos e imaxes estáticas (fotografías) e dinámicas (vídeos), así como as competencias relacionadas coa expresión oral e escrita. Neste sentido, as actividades propostas deberán estar orientadas principalmente ao desenvolvemento da expresión oral e escrita por riba dos coñecementos teóricos que lle serven de base. Así, para lograr o pleno desenvolvemento desta competencia, o centro, a través das diferentes materias, traballará para que o alumnado poida adquirir a competencia comunicativa plurilingüe, para o que, tal como recolle o punto 5 do artigo 17 do Decreto 156/2022 de 15 de setembro e o mesmo artigo do Decreto 157/2022, de 15 de setembro, as materias relacionadas coas distintas linguas, deberán "acadar acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua".

## **COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

A nova normativa esixe do traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar e holístico do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Se ben o centro é consciente de que a complexidade dos factores e elementos que participan no proceso educativo, require da pluralidade metodolóxica que ven determinada polos diferentes contextos en que se desenvolve cada curso e as peculiaridades de cada grupo, os medios e espazos dispoñibles, as diferencias entre disciplinas e a propia idiosincrasia do profesorado, que establece as pautas de interacción necesarias para o mellor desenvolvemento do seu alumnado; tamén se fai necesaria a determinación dunha serie de criterios metodolóxicos a nivel de centro

que sirvan para traballar empregando unha mesma terminoloxía e un mesmo tratamento dos distintos contidos.

Así, para facer realidade os principios propostos na fundamentación metodolóxica, e posibilitar unha serie de criterios metodolóxicos sen obviar a enorme cantidade de factores que condicionan o contexto educativo, os departamentos didácticos deberán incluír nas súas programacións métodos diversos que, en última instancia, permitan a adquisición de competencias por parte do alumnado para cada materia, o centro postula as seguintes propostas metodolóxicas que haberán de incluírse nas Programacións Didácticas de cada departamento.

## **PROPOSTAS METODOLÓXICAS DO CENTRO**

- a Coa finalidade de desenvolver unha aprendizaxe plenamente significativa, o profesorado tentará secuenciar o seu proceso de ensino de xeito que vaia dos coñecementos máis simples a outros gradualmente máis complexos.
- b Coa finalidade de favorecer métodos de aprendizaxe autónoma e crítica tanto individualmente como grupal, as actividades que se propoñan deberán orientarse á resolución de problemas, ben acadando un resultado obxectivo preestablecido (por exemplo o resultado dunha fórmula) ou ben a través da proposta de hipóteses que deberá resolver mediante datos obxectivos, de xeito que o alumnado poida facer uso das competencias, valores e coñecementos que xa posúe e, a mesma vez, avanzar neles.
- c Sempre que sexa posible, as actividades xeraranse en base a metodoloxías activas e contextualizadas, posibilitando o uso dos coñecementos en situacións reais relacionadas coa vida cotiá, profesional ou no ámbito académico da materia en si. Para iso, o profesorado deberá aportar textos, contidos etc. Baseados en temas de actualidade ou que, aínda que sexan antigos, sirvan para acadar coñecementos válidos para o momento presente.
- d Os departamentos promoverán o traballo individual e cooperativo de maneira paritaria, propiciando, por unha banda, a adquisición de coñecementos ao propio ritmo do alumnado e, por outra, que mediante a realización conxunta de actividades, poidan compartir e coñecer outras estratexias de traballo.
- e Na medida do posible, haberán de incluírse propostas de traballo por proxectos (ABP), de xeito que o resultado da aplicación das aprendizaxes sexa eminentemente práctica, xa sexa para a vida cotiá, para vida profesional ou no ámbito puramente académico. Ademais, cada departamento promoverá, a través da actividade investigadora, a responsabilidade, autonomía, reflexión e reforzo da autoestima do alumnado; así como o desenvolvemento das habilidades ou intelixencias que xa posúe.
- f Para fomentar as distintas competencias e intelixencias, o profesorado e os departamentos, tratarán de traballar con distintos formatos ao longo de todo o curso, permitindo que cada alumno/a empregue aqueles que lle permiten unha aprendizaxe máis natural. Por exemplo, documentos en papel para aqueles que posúen a intelixencia naturalista ou cinestésica, fronte aos dixitais para os que posúen viso-espacial ou musical se inclúe sons.
- g No caso de segundo de bacharelato, o centro entende que as programacións deberán adaptar as súas metodoloxías aos requisitos que se establezan para acadar o éxito do alumnado nas probas de acceso á universidade, non obstante, tendo en conta, sempre na medida do posible, as orientacións metodolóxicas descritas neste documento.

## 5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos están estreitamente vinculados á metodoloxía, pois a través deles é posible acadar os obxectivos pedagóxicos e metodolóxicos propostos.

- En primeiro lugar, os recursos didácticos que a propia contorna nos proporciona. A saber, montes, ríos, encoros, pizarreiras, enerxías sustentables, concello etc que poderán introducirse nas distintas programacións didácticas dependendo da materia.
- En segundo lugar os recursos materiais dos que o centro dispón de 18 aulas con distintas capacidades. Todas estas aulas posúen os seguintes recursos:
  - Conexión a internet.
  - Ordenador do profesorado.
  - Proxector.
  - Pizarra dixital.
  - Pizarra analóxica.
- En canto ao mobiliario, é axeitado para o desenvolvemento das metodoloxías propostas, porén, é preciso incluír: armarios nas aulas, dous equipos de consulta para o alumnado, carrito de libros e reposición de varias das pizarras.
- Ademais, o centro dispón de distintas aulas específicas, que contan tamén con un ordenador para o profesorado, proxector e pizarra analóxica e/ou dixital, pero ademais, en concreto:
  - Unha aula de Informática con 10 dispositivos e conexión a internet.
  - Dúas aulas destinadas aos Ciclos de FP-Básica con 11 e 15 equipos respectivamente.
  - Unha aula de Informática do Ciclo Medio de Redes Microinformáticas con 14 equipos.
  - Unha aula taller de Informática do Ciclo de Redes Microinformáticas con 12 equipos.
  - Dúas aulas de Debuxo e Plástica.
  - Unha aula de Música dotada con diversos instrumentos musicais.
  - Unha aula de Latín e Grego.
  - Unha aula de Tecnoloxía.
  - Unha aula destinada a Pedagogía Terapéutica.
  - Unha aula de idiomas.
  - Unha aula de Arte.
  - Un aula para a radio do centro cun equipo informático, un de son, táboa de mezclas e microfónia.
- Por outro lado, o centro posúe distintos laboratorios destinados a realizar as prácticas relacionadas coa materia de ciencia:
  - Un laboratorio de bioloxía e xeoloxía.
  - Un laboratorio de física.
  - Un laboratorio de química.
- Así como outras dependencias:
  - Unha Biblioteca, que inclúe unha sala de consultas, unha de lectura , unha de estudo e tres equipos informáticos: un de xestión e dous de consulta.
  - Un almacén de libros.

- Unha sala de usos múltiples.
  - Un Salón de Actos con equipo de son, proxector e un ordenador portátil.
  - Once despachos de departamento.
  - Un despacho para o Departamento de Orientación cun ordenador.
  - Catro despachos para o Equipo Directivo.
  - Unha Sala de Profesores con 4 ordenadores e unha impresora.
  - Un pavillón deportivo que conta cun equipo de son e vestiarios.
  - Sete aseos para cada xénero repartidos entre os distintos andares do centro.
  - Secretraría, que conta con 2 equipos informáticos.
  - Conserxería, que conta con 2 equipos informáticos.
  - Unha sala de atención a nais e pais.
  - Unha pista deportiva.
  - Dous patios interiores e un frontal.
  - Dous "halls" de entrada, o principal cun televisor.
- Finalmente, os recursos dixitais non materiais (referidos a software):
    - Plataforma Virtual Moodle a nivel de centro. A plataforma Moodle, conta cunha aula virtual por materia, nivel e grupo para ESO, FP e Bacharelato. Que permite compartir contidos, actividades e recursos a nivel asíncrono co alumnado, así como comunicarse con el a través do servizo de mensaxeira do que dispón.
    - Edixgal. No cursos de 1º a 4º da ESO, o alumnado conta cos contidos dixitais e o espazo virtual eva.edixgal. Se ben, nalgunhas materias estes contidos son practicamente nulos.
    - Abalar móbil e abalar pro. Tanto as persoas responsables do alumnado (nais, pais, persoas titoras), como o profesorado, conta coa APP de ABALAR para a comunicación de titorías e mensaxería, no caso de AbalarMóbil e, informes e faltas, no caso de ABALAR PRO. AbalarMóbil, constitúese como a canle oficial de comunicación de calquera dos membros do centro, coas familias e viceversa.
    - Webex Meeting. O centro conta con esta ferramenta que permite clases virtuais síncronas co alumnado que non se atopa de xeito presencial ou para a realización de reunións entre membros do propio claustro.
    - Correo electrónico corporativo. Todo o profesorado conta cunha conta de correo-e corporativa (edu.xunta.gal); que é a canle oficial de comunicación do centro.
    - Páxina web. O centro conta cunha páxina web na que consta a documentación do curso (listas de libros, programacións, etc.), documentación do centro que é de interese para toda a comunidade educativa (PEC, NOF, Plan de Convivencia...) e un espazo de novas e actividades, entre outros.

## 6. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

### MARCO LEGISLATIVO

- Decreto 56/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

A oferta educativa do IES Cosme López Rodríguez é a seguinte:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.



- Ciclo formativo de grao básico de Informática de Oficina.
- Ciclo formativo de grao medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

## **6.1 DETERMINACIÓN DA OFERTA DE MATERIAS (DE OPCIÓN DE MODALIDADE, OPTATIVAS, LIBRE DISPOSICIÓN DO CENTRO, PROXECTO COMPETENCIAL)**

### **AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO ESO E BACHARELATO**

A optatividade plantéxase como unha medida de atención á diversidade que permite dar resposta á diversidade de necesidades, intereses e expectativas do alumnado.

#### **Premisa. limitacións:**

Na práctica non se pode impartir todas as materias da oferta debido a que non hai profesorado suficiente para impartir todas as materias optativas e as limitacións legais do número mínimo de alumnado para poder impartilas.

#### **6.1.1 Libre disposición do centro (1º, 2º ESO)**

En 1º e 2º de ESO impártese, cunha asignación horaria de dúas sesións semanais, a materia de Libre Disposición do Centro. Esta materia non está asignada a ningún departamento concreto. Preferentemente será asignada aos departamentos de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Primeira Lingua estranxeira (Inglés) e Matemáticas.

#### **6.1.2 Proxecto competencial/ relixión (ESO)**

En todos os cursos de ESO o alumnado elixe entre a materia de Relixión Católica e Proxecto Competencial, cunha asignación horaria dunha sesión semanal.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario. Non está asignada a ningún departamento didáctico concreto.

#### **6.1.3 MATERIAS OPTATIVAS EN 3º DA ESO**

O centro ofertará as seguintes materias optativas:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Estranxeira (Francés).

O alumnado escolleraas por orde de preferencia xa que estas materias optativas só poderán impartirse cando haxa un número de alumnado suficiente segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación (normalmente esíxese un número mínimo de 10 alumnas/os e nos medios rurais de 5 alumnas/os)

#### **6.1.4 Materias de opción (itinerarios) e optativas de 4º ESO**

A normativa establece que o cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Neste centro, un dos obxectivos

prioritarios recollido no PEC é que o alumnado de 4º curso de ESO continúe estudos de bacharelato. Isto non supón ningunha discriminación ao alumnado que non quere seguir estudos postobrigatorios e quere cursar un ciclo medio de formación profesional. Para esta vía ao alumnado de 2º e 3º ESO que cumpren os requisitos recoméndaselles cursar un ciclo de formación profesional básica de Informática de Oficina que se imparte no centro e que posibilita continuar estudos do ciclo medio de Sistemas e Aplicacións Informáticas e Redes ou outro ciclo medio dos ofertados no contorno.

Con esta premisa a oferta de 4º ESO estrutúrase da seguinte forma:

Nas materias de opción (3) ofertaranse dous itinerarios con dúas materias de opción de modalidade (orientadas as modalidades existentes en bacharelato) en cada un deles e unha terceira materia a elixir por orde de preferencia entre as restantes de opción

#### Materias de opción:

Itinerario 1: Latín e Economía e Emprendemento

Itinerario 2: Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química

Terceira materia de opción a elixir unha, por orde de preferencia, entre as seguintes:

- Dixitalización
- Expresión Artística
- Formación e Orientación Persoal e Profesional
- Música
- Segunda Lingua Estranxeira (Francés)
- Tecnoloxía

Materias optativas: O alumnado deberá elixir unha, por orde de preferencia, entre as seguintes:

- Cultura Clásica (se non foi cursada en 3º)
- Filosofía
- Oratoria (se non foi cursada en terceiro)
- Segunda Lingua Estranxeira (Francés)
- Unha materia de opción non cursada

As materias de opción de modalidade e materias optativas impartiranse, ademais de se cumpren as limitacións impostas pola normativa (número de alumnado insuficiente), se hai profesorado dispoñible para impartilas, polo que o alumnado elixirá as mesmas por orde de preferencia. No caso da materia optativa dunha materia de opción non cursada, dado o escaso número total de alumnado e de profesorado, non poderá impartirse se non hai posibilidade de facer os cruces necesarios.

### **6.1.5 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **– REFORZO EDUCATIVO/EXENCIÓN DE FRANCÉS**

O alumnado con exención na materia de Segunda Lingua Estranxeira (Francés) cursará no seu lugar Reforzo Educativo coa mesma carga horaria que Francés. Preferentemente afondarase nas materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura.

A atribución docente correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario. Aínda que non está asignada a ningún departamento didáctico

concreto, será impartida, dependendo das necesidades organizativas de profesorado do centro, polo profesorado que teña competencia na materia e dispoñibilidade horaria.

#### – **ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

As adaptacións curriculares desenvolveranse, na medida do posible, no contexto ordinario da aula, co grupo de alumnos/as de referencia. En todo caso, non poderán permanecer fóra da aula máis de dous períodos lectivos cada día ata un máximo de dez, e serán levadas a cabo polo profesorado de apoio, a especialista en pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe segundo se precise.

### **6.1.6 ITINERARIOS DE 1º E 2º BACHARELATO**

O centro oferta dúas modalidades de bacharelato:

1. Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.
2. Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía.

## **A. MATERIAS DE MODALIDADE 1º E 2º DE BACHARELATO**

### **Materias específicas de modalidade obrigatoria e de opción.**

#### – **Materias de modalidade en 1º de bacharelato.**

- **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**

O alumnado deberá matricularse de tres materias de modalidade. Estas ofertaranse da seguinte forma:

- Materia obrigatoria de modalidade: Elixir unha materia entre as seguintes: Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.
- Materias de opción de modalidade: Elixir dúas materias, por orde de preferencia, entre as seguintes: Economía, Historia do Mundo Contemporáneo, Grego I, Literatura Universal.

- **Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía**

O alumnado deberá matricularse de tres materias de modalidade. Estas ofertaranse da seguinte forma:

- Materia obrigatoria de modalidade: Matemáticas I
- Materias de opción de modalidade: Elixir dúas materias, por orde de preferencia, entre as seguintes: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais; Debuxo Técnico I, Física e Química, Tecnoloxía e Enxeñaría I.

#### **Materias de modalidade en 2º de bacharelato**

- **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**

O alumnado deberá matricularse de tres materias de modalidade. Estas ofertaranse da seguinte forma:

- Materia obrigatoria de modalidade: Elixir unha materia entre as seguintes: Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

- Materias de opción de modalidade: Elixir dúas materias, por orde de preferencia, entre as seguintes: Empresa e Modelos de Deseño de Negocio, Historia da Arte, Grego II, Xeografía.
- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía  
O alumnado deberá matricularse de tres materias de modalidade. Estas ofertaranse da seguinte forma:
  - Materia obrigatoria de modalidade: Matemáticas II
  - Materias de opción de modalidade: Elixir dúas materias, por orde de preferencia, entre as seguintes: Bioloxía; Xeoloxía e Ciencias Ambientais; Debuxo Técnico II; Física; Química; Tecnoloxía e Enxeñaría II.

## B. MATERIAS OPTATIVAS 1º E 2º DE BACHARELATO

As materias optativas de 1º e 2º curso de bacharelato deben contar cun mínimo de cinco alumnas/alumnos para poder impartirse, previa autorización expresa da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de educación

- **Materias optativas de 1º de Bacharelato**

O alumnado debe cursar unha materia optativa de entre as seguintes:

- Anatomía Aplicada.
- Antropoloxía.
- Cultura Científica.
- Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.
- Segunda Lingua Estranxeira I.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.
- As materias de modalidade de primeiro curso. Entre elas unha materia do bacharelato de Artes: Linguaxe e Práctica Musical.

- **Materias optativas de segundo de Bacharelato**

O alumnado do segundo curso do bacharelato debe cursar unha materia optativa de entre as seguintes:

- Métodos Estatísticos e Numéricos.
- Psicoloxía.
- Segunda Lingua Estranxeira II.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
- Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia.
- As materias de modalidade de segundo curso, entre elas unha materia do bacharelato de Artes: Historia da Música e da Danza.

A atribución docente das materias optativas do bacharelato correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario das especialidades establecidas:

Especialidades do profesorado con atribución docente nas materias optativas do bacharelato.

- Anatomía Aplicada: Bioloxía e Xeoloxía Educación Física.
- Antropoloxía: Filosofía, Xeografía e Historia.
- Cultura Científica; Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química.
- Métodos Estatísticos e Numéricos: Matemáticas.
- Literatura Galega do Século XX e da Actualidade: Lingua e Literatura Galega.
- Psicoloxía: Filosofía.
- Segunda Lingua Estranxeira: Francés.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación: Informática, Sistemas e Aplicacións Informáticas, Tecnoloxía.
- Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia: Xeografía e Historia.

### **6.1.7 LIBRE DISPOSICIÓN DE CENTRO BACHARELATO**

En bacharelato impártese, cunha asignación horaria dunha sesión semanal, a materia de Libre Disposición do Centro. O alumnado elixe entre Relixión Católica e Libre Disposición de Centro.

Esta materia non está asignada a ningún departamento concreto. Preferentemente será asignada aos departamentos de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Primeira Lingua estranxeira (Inglés).

## **6.2 OFERTA NOS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

Nos ciclos formativos de grao básico, Informática de Oficina, e de grao medio, Sistemas Microinformáticos e Redes, todo o alumnado cursa os mesmos módulos, establecidos pola lexislación, sen posibilidade de optatividade.

## **7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Por actividades complementarias enténdese aquelas actividades didácticas que, formando parte da Programación docente e realizándose fundamentalmente durante o horario lectivo, teñen un carácter diferenciado, ben polo momento ou o lugar en que se realizan, ben polos recursos ou a implicación do Centro. No noso centro, a xestión das actividades extraescolares e complementarias recaerá na vicedirección, que se encargará de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Incluindo, entre outras actividades:

- A elaboración da programación das actividades complementarias e extraescolares onde se recollerán as propostas dos departamentos a través da comisión de coordinación pedagóxica.
- Facer unha memoria de final de curso coa avaliación das actividades realizadas.

### **7.1 COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES**

Para deseñar e coordinar estas actividades, os criterios serán os seguintes:

- a Distinguiremos entre actividades complementarias, aquelas que se realizan en horario lectivo e cos recursos do centro; que serán obrigatorias tanto para o profesorado como

para o alumnado. e as extraescolares, que poden desenvolverse total ou particularmente fóra do horario lectivo e que conlevan recursos alleos ao centro, en cuxo caso serán de carácter voluntario tanto para o profesorado como para o alumnado.

- b As actividades, tanto extraescolares como complementarias, deberán ser propostas polos distintos departamentos a través da Coordinación Pedagóxica ao inicio de curso.
- c Tendo en conta as actividades propostas polos departamentos, a Vicedirección elaborará un calendario de actividades, primando a coordinación, a distribución homoxénea e evitando a realización simultánea de actividades ao longo do curso ou a duplicidade de obxectivos, que será presentado na CCP para o seu debate e aprobación, e posteriormente informar ao Consello Escolar.\*
- d As actividades que non se poidan contemplar na Programación Xeral Anual e que, por mor de diversas causas, non poidan ser avaliadas polo Consello Escolar, poderán ser aprobadas polo equipo directivo, que levantará acta e posteriormente informará ao Consello Escolar.

Fóra deste calendario, cada departamento só poderá presentar un máximo de entre unha e dúas actividades por nivel: unha actividade que puido ser planificada con antelación e unha que non puidese preverse porque ser convocada ao longo do curso.

- e A vicedirección, deberá facer memoria das actividades propostas e unha avaliación para a concesión das mesmas. Nesa avaliación terase en conta:
  - e.1 Que contribúan ao desenvolvemento das competencias do alumnado e axuden ao desenvolvemento das distintas materias.
  - e.2 Que promovan a curiosidade intelectual, creatividade e espírito emprendedor mediante a realización de investigacións ou adquisición de aprendizaxes que inclúan a ampliación do marco cultural onde se move o alumnado.
  - e.3 Que fomenten as relacións e comunicación entre o alumnado de distintos niveis e con outros axentes externos ao centro (poñentes, institucións, elementos culturais...)
  - e.4 Que impliquen a distintas materias nunha mesma actividade. Independentemente de que os profesores/as destas participan activamente na actividade ou dedicándoas súas aulas a ampliar os coñecementos que permitan o máximo aproveitamento da actividade.

## 7.2 PRAZOS DE SOLICITUDE DE ACTIVIDADES

Para optimizar a calendarización e, especialmente referido ás actividades que se informen fóra do inicio de curso, os prazos para a preparación das actividades que supoñan a saída do recinto escolar serán:

- a Un mínimo de 3 semanas antes da actividade o profesorado responsable poñerase en contacto coa Vicedirección para preparar a saída, cubrindo o Documento de realización Protocolo de Actividades Extraescolares e Complementarias da actividade (no que se indicarán os datos da viaxe). No caso de actividades de varios días, este documento deberá cubrirse e entregarse cun mínimo de 5 semanas antes da data da actividade.
- b Un mínimo de 2 semanas antes da data da actividade o profesorado do departamento informará ao alumnado , para que:

b.1 Cubra o documento de autorización para participar na actividade, imprimindo e repartíndolle unha copia a cada alumno/a do grupo e entregándoa cumprimentada en vicedirección.

b.2 Explicar ao alumnado todos os datos da actividade, facendo especial fincapé no prazo de entrega da autorización, prezo da saída e as condicións que deben cumprir para participar.

b.3 Un mínimo de 5 días laborais antes da realización da actividade o/a profesor/a responsable entregará na vicedirección copia da listaxe do alumnado inscrito na actividade, as autorizacións e o diñeiro do transporte se é o caso. Este prazo pode variar previa autorización de vicedirección.

### **7.3 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DENTRO OU FÓRA DO CENTRO**

- 1 A asistencia ás actividades complementarias e extraescolares é sempre voluntaria para o alumnado cando estas se desenvolvan, na súa totalidade ou en parte, fóra do seu horario lectivo.
- 2 O profesorado deberá acompañar ao alumnado co que tivese clase cando as actividades programadas sexan para grupos enteiros, teñan lugar dentro do centro e se solicite a súa colaboración por parte dos responsables da organización do acto.
- 3 Cando se programe unha saída en horario lectivo, deberá aparecer no taboleiro da sala de profesores/as polo menos unha semana antes da saída ou ser informada mediante correo electrónico.
- 4 Farase tamén pública unha listaxe coa alumnado que non vaia a asistir a clase como consecuencia da realización da actividade, para un maior control por parte do profesorado que imparta clases no grupo ese día.
- 5 O alumnado que non vaia a facer a actividade deberá asistir ás súas clases no instituto.
- 6 O alumnado que realice unha saída deberá presentar autorización dos pais/nais ou titores legais.
- 7 Se a saída fose fóra da localidade, o número de profesores/as acompañantes debe ser de un mínimo de dous, aumentando o número na proporción dun profesor/a por cada 20 alumnos/as.
- 8 As saídas deben ter esencialmente un contido formativo, incluíndo na súa programación as visitas e actividades culturais que se vaian facer.
- 9 O profesorado que acompañe aos grupos será, preferentemente, o que imparta clase no nivel correspondente e colaborará na organización da viaxe. O centro pagará as dietas de manutención que lles corresponda ós profesores/as, correndo por conta da axencia, ou, se é o caso, do alumnado, os gastos de transporte e aloxamento do profesorado acompañante.
- 10 Non se poderá avanzar materia, dedicando as clases a facer exercicios de repaso ou actividades de carácter complementario.

## 7.4 VIAXES DE ESTUDOS

Todo o referido no apartado de saídas con grupos está en vigor á hora de organizar viaxes de estudos. Poderanse organizar:

- 1 Unha viaxe común para 1º de bacharelato.
- 2 Unha viaxe común para 4º de E.S.O.
- 3 En ningún caso poderán ir a ditas viaxes alumnos/as doutros cursos ou que estean excluídos da posibilidade de participar por estar sancionados con dita medida correctora, ou no sexan deste centro.
- 4 As reunións co alumnado faranse fóra do horario lectivo, evitando o período de lecer, co fin de evitar retrasos á hora de entrar na clase.
- 5 número mínimo de alumnos/as que deben participar para que se poidan facer as viaxes será de 20.
- 6 instituto non organizará ningunha outra viaxe de estudos a menos que se trate de intercambios con outros centros escolares ou programas oficiais financiados pola Xunta de Galicia ou similares.
- 7 Tódalas viaxes de estudos serán aprobadas polo Consello Escolar.

Calquera que sexa o tipo de actividade complementaria, e independentemente do lugar no que se celebre, son de plena aplicación as normas que rexen no centro e que se recollen no Regulamento de Réxime Interior.

## 7.5 SUSPENSIÓN DO DEREITO A PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- a.1 A suspensión deste dereito poderá ser temporal ou durante todo o curso.
- a.2 Ademais dos alumnos e das alumnas obxecto desta medida correctora, poderán excluírse da participación nunha actividade e quedarán obrigados a permanecer nas súas aulas co profesorado que lle corresponda:
  - a Aquel alumnado que acumule tres ou máis partes de incidencia por mal comportamento, que teña un 10% das faltas de asistencia ao centro sen xustificar desde o inicio do curso ou que teña cometido algunha falta grave, se así o consideran os organizadores da actividade xunto co Equipo Directivo.

## 8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDIENTES DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado que promocio de curso sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

### RESPONSABLES

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.



## PRINCIPIOS

- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

## CONTIDO DO PLAN

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia. Publicación do plan na páxina web do centro.

## AVALIACIÓN DO PLAN

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Será a persoa que exerza a xefatura de departamento quen coordine todo o proceso e a que asista ás sesións de avaliación ordinarias e extraordinarias e asine as actas das materias pendentes de cursos anteriores.

## 9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

O alumnado que non promocioe e deba permanecer un ano máis no mesmo curso aplicaráselle un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas, segundo establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Os plans específicos terán como obxectivo incidir na mellora da aprendizaxe e na motivación dos alumnos/as, así como nunha maior implicación das familias no proceso educativo.
- Dedicarase especial atención aos aspectos actitudinais: mellorar os hábitos de disciplina, estudo e traballo tanto individual como en equipo.
- Deberanse mellorar e reforzar todos aqueles procedementos básicos (lectura, escritura, cálculo) que faciliten a capacitación do alumno nos obxectivos xerais.

- Os criterios para elaboración dun plan específico personalizado terán que adaptarse ás condicións curriculares do alumno/a polo que se terán en conta, como punto de partida, os informes de Competencia Curricular dos alumnos que no curso anterior non conseguiran a promoción. Desde a Xefatura de Estudos facilitaranse os informes aos profesorado que vaia a impartir clase a eses alumnos/as.
- O deseño de plans específicos poderá contemplar agrupamentos flexibles de alumnos repetidores que non presenten a madurez suficiente para integrarse no grupo ordinario e ao mesmo tempo potenciará a súa posterior integración.
- A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

## 9.1 Responsables

- O plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. Encargaranse da súa elaboración, seguimento e avaliación.
- As áreas específicas partirá dos contidos mínimos que teña o alumnado.

## 9.2 Obxectivos

- Actuar como un reforzo educativo que incida nas carencias que determinan a decisión tomada.
- Contribuír ao logro das Competencias básicas.

## 9.3 Contido do plan

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

## 9.4 Avaliación do plan

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Empregaranse diferentes criterios:

- Adecuación dos contidos seleccionados para o desenvolvemento das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas.
- Contribución do plan ao desenvolvemento xeral en competencia básicas.
- Adecuación ao nivel de competencia curricular do alumno/a.
- Atención a posibles necesidades educativas especiais.
- Mellora dos hábitos de disciplina, estudo e traballo.

## 10. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

### 10.1 Avaliación

A avaliación ten que ser o punto de referencia para tomar decisións que afecten á interacción educativa, á mellora do proceso e á adopción de medidas de reforzo educativo e de adaptación curricular.

Concíbese como un proceso que se debe levar a cabo de forma continua e personalizada, que ten que ter por obxecto tanto as aprendizaxes do alumnado como do profesorado, atendendo ó contexto.

#### 10.1.1 ASPECTOS XERAIS DO PROCESO DE AVALIACIÓN

- a A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.
- b A avaliación será realizada de forma colexiada polo conxunto de profesores e profesoras do alumnado, coordinado polo titor ou titora de cada grupo e asesorados polo departamento de orientación.
- e Ao finalizar cada unha das avaliacións parciais e finais informarase ás nais e pais do alumnado dos seus resultados a través da aplicación AbalarMóbil. A persoa titora tamén informará ás nais e pais das decisións adoptadas en canto ó reforzo e recuperación das materias non superadas.
- f Os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de cualificación e promoción de cada materia para os diferentes escenarios, presencial e non presencial, serán publicados e comunicados ao alumnado e ás familias a través da páxina web do centro; na propia aula, o primeiro día de clase de cada curso académico, e nas reunións de pais e nais co profesorado.
- g Co fin de permitir unha valoración obxectiva de todo o alumnado, o profesorado nas programacións didácticas recollerán instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- h Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda.
- i O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro na programación didáctica.
- j Consideracións xerais sobre a avaliación do alumnado de formación profesional de grao básico e de grao medio.
  - Regúlase nos capítulos VIII, IX e X da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais e ten un carácter continuo, polo que o alumnado cumprirá a asistencia ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
- O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización e funcionamento do centro.
- O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.
- A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación ao alumnado en idade de escolarización obrigatoria.
- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade estarase ao disposto no capítulo XIII ¿Reclamación sobre a avaliación da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

## **10.1.2 CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN CONTINUA**

### **A. ASPECTOS XERAIS**

- A avaliación continua ten a finalidade de detectar as dificultades no momento no que se producen, averiguar as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensino-aprendizaxe. Por iso, a avaliación continua implica a valoración do traballo realizado ó longo do curso.
- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno de educación secundaria obrigatoria non sexa adecuado e tan pronto se detecten dificultades, estableceranse medidas de reforzo educativo. Serán principalmente nas sesións de avaliación parcial cando o equipo docente decida a necesidade deste reforzo. O departamento de orientación educativa establecerá e coordinará estas medidas.
- Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado teranse en conta a consecución dos obxectivos establecidos e o desenvolvemento das competencias correspondentes e para iso tomaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos nas programacións didácticas de cada materia.
- No caso do alumnado de educación secundaria obrigatoria con adaptación curricular, os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

- Os procesos asociados á avaliación adaptaranse ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
- Entendemos por continua, a valoración dos diferentes aspectos que van conformando o proceso (caderno, traballos, probas escritas, asistencia, participación...).

### **10.1.3 CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN FORMATIVA**

A finalidade deste tipo de avaliación é o perfeccionamento do proceso didáctico, nun momento no que aínda se pode producir. Ven a ser unha constatación permanente do nivel de aprendizaxe de cada alumno/a nas respectivas materias, tratando de detectar os erros e a súa posible solución a fin de favorecer o proceso.

Para levar a cabo a avaliación formativa, propónse que:

- a.a Os departamentos didácticos a través do seu profesorado informen ao alumnado, ao comezo do curso, dos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e cualificación que vai seguir na súa materia e instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se utilizarán, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores. Tamén debe informar ao longo do curso dos criterios de cualificación de cada unha das probas específicas. Estes criterios deberán ser accesibles para o alumnado en calquera momento.
- a.b O alumnado coñeza, en todo momento, cal é a súa situación en relación co proceso de aprendizaxe. Para isto, o profesorado:
  - 1.1 Facilitará as probas e traballos feitos polo alumno ou alumna unha vez corrixido indicando os erros co fin de que o alumnado poida detectar os seus fallos e comprobar os seus progresos.
  - 1.2 Potenciará a reflexión e o sentido crítico do alumnado para favorecer a coavaliación e a autoavaliación.
  - 1.3 A corrección das actividades entregadas a través da aula virtual irá acompañada de comentarios de retroalimentación.

### **10.1.4 CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN SUMATIVA**

É a que axuda a coñecer a aprendizaxe que se logrou ao finalizar un proceso de ensino. Cada materia deberá plasmar na súa programación como levala a cabo, especificando a porcentaxe que sobre a cualificación final corresponde aos diferentes aspectos do proceso de aprendizaxe.

- Cualificación final na avaliación ordinaria e na avaliación extraordinaria, cando esta proceda, estará determinada polos criterios de cualificación establecidos nas programacións didácticas de cada materia ou módulo.

## 10.1.5 DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE AVALIACIÓN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a Nas primeiras semanas de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. Para iso, teranse en conta:
- Análise dos informes do curso anterior e información obtida pola persoa titora durante as primeiras semanas do curso.
  - Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional.

A avaliación inicial será o punto de referencia para tomar as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

- b Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.
- c As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e contará co asesoramento do departamento de orientación. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e alumno en relación co grao de desenvolvemento das competencias básicas e coa consecución dos obxectivos previstos para cada unha das materias e/ou ámbitos e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deban adoptar orientadas á mellora do proceso de aprendizaxe.
- e Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo de ESO tres sesións de avaliación parciais, cuxa data decidirá a comisión de coordinación pedagóxica. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes segundo o establecido nas programacións didácticas de cada materia. A terceira avaliación parcial realizarase nas datas que se determinen na norma que estableceza o calendario escolar para cada curso.
- f Na avaliación final de cada curso farase efectiva a cualificación definitiva das materias ou ámbitos. Nesta avaliación final realizárase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.
- g Ao final de segundo curso de ESO entregaráselle ás familias do alumnado un consello orientador, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Poderá incluír unha recomendación sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica. (Ver apartado de promoción).
- h A persoa titora de cada grupo deberá recoller en acta, para cada sesión de avaliación (parcial e final), as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. Na actas incluíranse polo menos os seguintes aspectos:
- As cualificacións das distintas materias ou ámbitos.
  - Grao de desenvolvemento das competencias básicas.
  - As decisións e acordos acadados referidos a cada alumna, alumno e ao grupo no seu conxunto.

- Seguimento da recuperación das materias pendentes se fose o caso.
- i As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación, ás medidas de atención á diversidade e a todas as medidas que incidan no proceso educativo do alumnado. A toma de decisións, de non haber unanimidade no equipo docente, requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

## **BACHARELATO**

- a Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo de bacharelato tres sesións de avaliación parciais, cuxa data decidirá a comisión de coordinación pedagóxica. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes segundo o establecido nas programacións didácticas de cada materia. En bacharelato, a terceira avaliación parcial poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario.
- b O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria.
- c En bacharelato haberá unha sesión de avaliación final extraordinaria, logo da realización das probas extraordinarias.
- d As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
- e No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias impartiranse, por parte do profesorado, clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.
- f No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarse á preparación e á realización das probas extraordinarias para o alumnado con materias con cualificación negativa, e a actividades de reforzo e ampliación para o alumnado con materias con cualificación positiva. Ditas actividades deberán estar previstas nas programacións didácticas de cada materia.
- g Os resultados da avaliación das materias de bacharelato expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Na avaliación final extraordinaria consignarase non presentada/o (NP) cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias.
- h A persoa titora de cada grupo deberá recoller en acta, para cada sesión de avaliación (parcial e final), as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
- i As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación, ás medidas de atención á diversidade e a todas as medidas que incidan no proceso educativo do alumnado. A toma de decisións, de non haber unanimidade no equipo docente, requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

## **CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO E MEDIO**

### **a.a Ciclos de formación profesional de grao básico**

No ciclo de formación profesional de grao básico realizaranse as seguintes avaliacións:

- **1º curso do ciclo.**
  - Tres avaliacións parciais.
  - Avaliación final de módulos, que se realizará cando determine a norma do calendario escolar de cada curso.
  - Avaliación final extraordinaria para o alumnado con módulos pendentes da avaliación final de módulos, que se realizará cando determine a norma do calendario escolar de cada curso.
  
- **2º curso do ciclo.**
  - Dúas avaliacións parciais de módulos.
  - Avaliación final de módulos, que se realizará con anterioridade ao período establecido con carácter xeral para a realización da FCT.
  - Avaliación final de ciclo, que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas.

a.b Ciclos formativos de grao medio

- **1º curso do ciclo.**
  - Tres avaliacións parciais de módulos do primeiro curso.
  - Avaliación final de módulos que se corresponderá co remate do período formativo dos módulos no centro, cando determine o calendario escolar de cada ano académico.
  
- **2º curso do ciclo.**
  - Dúas avaliacións parciais de módulos, a segunda avaliación correspóndese coa avaliación previa á FCT.
  - Segunda avaliación previa á realización da FCT.
  - Avaliación final de módulos de segundo curso logo de rematar o período ordinario de realización da FCT e que coincide coa finalización das actividades lectivas no centro segundo determine o calendario escolar.
  - Avaliación extraordinaria de módulos de segundo curso para o alumnado que logo da avaliación final de módulos do segundo curso teña pendente exclusivamente a FCT. Realizarase ao remate da FCT.

a.c Nestas sesións, o equipo docente tomará as decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.

a.d A persoa titora de cada grupo redactarán unha acta do desenvolvemento das sesións, na cal se farán constar, entre outros, os acordos alcanzados e as decisións adoptadas. A valoración dos resultados derivados destes acordos e destas decisións constituirá o punto de partida na seguinte sesión de avaliación.

- En cada curso académico e para cada grupo realizarase unha sesión de avaliación e cualificación en cada trimestre lectivo.
  
- Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características



xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.
- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

- e Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.
- Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.
- f Na sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario, o equipo docente tomará as decisións de acceso do alumnado a esta, conforme os seguintes criterios:
- Superación de todos os módulos de segundo curso.
  - De ser o caso, superación dos módulos de primeiro curso pendentes.
  - A cualificación final dos módulos de segundo curso e módulos pendentes de primeiro farase efectiva na sesión de avaliación final de módulos do segundo curso.
  - O equipo docente asignará ao alumnado unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.
- g Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:
- Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva nos módulos de FCT e no módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.
  - Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recupere os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de

realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT.

- h O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso teña pendente exclusivamente a FCT, poderá realizalo en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos de segundo curso, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT, e realizarase, de ser o caso, a proposta de título correspondente.
- i As actas de avaliación axustaranse ao modelo que figura nos anexos da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- j Os documentos do proceso de avaliación das ensinanzas de formación profesional son o expediente académico do alumnado, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados.
- k O informe de avaliación individualizado será elaborado polo titor ou a titora en colaboración co resto do equipo docente, e nel consignarase a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

O informe de avaliación individualizado realizarase para o alumnado que alcance a promoción de curso con módulos pendentes, para o alumnado que non poida acceder á FCT por ter módulos pendentes no réxime ordinario e para o alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o curso. Incluirá, de ser o caso, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

- l A cualificación dos módulos profesionais, agás o de formación en centros de traballo (FCT), será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.
- m Na avaliación do módulo profesional de FCT colaborará co titor ou coa titora do centro educativo o titor ou titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno ou da alumna. A cualificación do dito módulo profesional será en termos de «apto» ou «apta», ou «non apto» ou «non apta».
- n A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

## 10.2 PROMOCIÓN

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a.a Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

- a.b Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- a.c Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV (Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia) das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  - Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
  - Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- Neste suposto tan excepcional de promoción o equipo docente aplicará criterios rigorosos e consensuados previamente adoptados na Comisión de Coordinación Pedagóxica, tales como: carácter instrumental e/ ou de continuidade (materias progresivas); indicadores de logro dos estándares de aprendizaxe que se reflicten na cualificación da materia; condicións persoais do alumnado relacionadas coa súa evolución no proceso de ensino aprendizaxe.
- Desta análise o equipo docente determinará se as materias non superadas permiten seguir con éxito o curso seguinte, ten expectativas favorables de recuperación e a promoción beneficie, como establece a normativa, a súa evolución académica.
- d No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as materias non superadas de cursos anteriores.
- e As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato consideraranse como materias distintas.
- f) O alumnado que promocioe de curso sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas e deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa superación.
- g Os alumnos e as alumnas que non acaden a promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- h A repetición de curso irá acompañada dun plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

- Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou tutores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.
- Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.
- Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, tutores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.
- Este consello orientador elaboraráo o profesorado tutor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado tutor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

## **BACHARELATO**

a.a Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, a estes efectos só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

a.b O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Nas programacións didácticas de cada materia estableceranse as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

a.c As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

a.d A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias

de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, este aspecto deberá ser recollido nas programacións didácticas. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

a.e As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

### **CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO E DE GRAO MEDIO**

a.a O alumnado de ciclo medio promocionará ao segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas. En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

a.b Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotase o número de convocatorias establecido na normativa vixente. O alumnado que, logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtivera avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non consegue titular por ter módulos pendentes de primeiro e/ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro. Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

a.c No caso de non superar algún dos módulos de segundo e/ou, de ser o caso, non superar algún dos módulos pendentes de primeiro, o alumno ou a alumna deberán realizar as actividades de recuperación que lles propoña o equipo docente, coincidindo co período ordinario de realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT) previsto na súa normativa reguladora.

a.d O alumnado de primeiro curso de formación profesional básica terá promoción a segundo cando:

- Superara todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20% do horario semanal e superara o módulo de Comunicación e Sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Porén, deberá matricularse destes módulos profesionais de primeiro curso.

O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción a segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

## 10.3 TITULACIÓN

### TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a.a Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo de que os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria, e tendo en conta os criterios de titulación.
- a.b Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
- c O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
- d As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
- e O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- f Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria desde a formación profesional básica: A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

### TÍTULO DE BACHAREL

- a.a O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
- a.b Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
  - Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- a.c Considerárase que una alumna ou un alumno tivo unha inasistencia continuada aplicando o seguinte criterio de cómputo de faltas de asistencia segundo a carga horaria de cada materia: Materias de unha ou dúas sesións semanais: cinco faltas de asistencia sen xustificar no curso; Materias de tres e catro sesións semanais: dez faltas de asistencia sen xustificar no curso. Para determinar que faltas son xustificables ou non estarase ao disposto nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF).
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo.
- d O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
- e Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.
- f Ademais, o alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel pola superación das seguintes materias: Filosofía, Historia de España, Lingua Castelá e Literatura I e II, Lingua Galega e Literatura I e II, Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) I e II. Ademais cumprirá que este alumnado teña superadas as seguintes materias, en función da modalidade do título que desexe obter:
- Modalidade de Ciencias: Matemáticas I e II.
  - Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais: Para o itinerario de Humanidades, Latín I e II. Para o itinerario de Ciencias Sociais, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I e II.

### **TÍTULO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE INFORMÁTICA DE OFICINA.**

Para a obtención do título, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais.

### **TÍTULO DE TÉCNICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO.**

Para a obtención do título de técnico, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.

## **11. CRITERIOS XERAIS DO ATOURGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA**

### **4º ESO.**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, concederase unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Criteria para a concesión da mención de matrícula de honra cando hai máis alumnado cunha nota media en cuarto curso igual ou superior a nove puntos que o número máximo de mencións de matrícula de honra que se poden poñer segundo se establece na normativa:

- A media aritmética máis alta das cualificacións obtidas en terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria.
- En caso de empate tendo en conta o punto anterior, a media aritmética máis alta das cualificacións obtidas en toda a etapa de educación secundaria obrigatoria.
- Por último o menor número de faltas de asistencia ao centro sen xustificar durante o cuarto curso e, de persistir o empate, o número de faltas de asistencia sen xustificar durante toda a etapa de educación secundaria obrigatoria.

### **BACHARELATO**

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Criteria para a concesión da mención de matrícula de honra cando hai máis alumnado cunha nota media en segundo de bacharelato igual ou superior a nove puntos que o número máximo de mencións de matrícula de honra que se poden poñer segundo se establece na normativa:

- A media aritmética máis alta das cualificacións obtidas en todo o bacharelato.
- En segundo lugar, o menor número de faltas de asistencia ao centro sen xustificar durante o segundo curso de bacharelato e, de persistir o empate, o número de faltas de asistencia sen xustificar durante toda a etapa de bacharelato.



## **CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.**

Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas.

No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Criterios para a concesión da mención de matrícula de honra cando hai máis alumnado cunha nota media en segundo curso igual ou superior a nove puntos que o número máximo de mencións de matrícula de honra que se poden poñer segundo se establece na normativa:

- A media aritmética máis alta das cualificacións obtidas en primeiro e segundo curso.
- En segundo lugar o menor número de faltas de asistencia ao centro sen xustificar durante o segundo curso e, de persistir o empate, o número de faltas de asistencia sen xustificar durante os cursos primeiro e segundo.

## **12. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

### **12.1 CRITERIOS XERAIS DE ELABORACIÓN**

- Para a elaboración das programacións didácticas será necesario partir do contexto concreto no que nos atopamos: características xerais do alumnado, nivel de coñecementos previos e datos da memoria anterior.
- Para o contido das programacións de ESO deberase ter en conta o establecido no artigo 16 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e para as programacións de Bacharelato o establecido no artigo 17 do Decreto 15/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Para os ciclos formativos de formación profesional estarase ao establecido no artigo 34 do DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Co obxecto de facilitar a construción de aprendizaxes significativas, deberán deseñarse actividades de ensino e aprendizaxe que permitan o establecemento de relacións entre os coñecementos e experiencias previas dos alumnos e as novas aprendizaxes. Desenvolverase a competencia aprender a aprender e traballos por proxectos integrados.
- Para a avaliación, será necesario partir das consideracións xerais recollidas nos Decretos 156/2022, do 15 de setembro e Decreto 15/2022, do 15 de setembro para ESO e bacharelato respectivamente, así como a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Para os ciclos formativos de formación profesional de grao básico e de grao medio estarase ao disposto na ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación

profesional inicial e DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

## 12.2 CONTIDO DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

### ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

- a.a Introducción.
- a.b Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- a.c Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- a.d Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
  
- e Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
  
- f Medidas de atención á diversidade.
- g Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais.
  - Actividades complementarias.
  
- h Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

### CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

A programación, que se organizará en unidades didácticas, deberá concretar os seguintes aspectos:

- a Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- b Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha. Por cada unidade didáctica precisarase:
  - Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.
  - Obxectivos específicos.
  - Contidos.
  - Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

- Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
- c Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
  - d Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
  - e Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

### 12.3 PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN

- 1.1 Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias, módulos ou ámbitos que teña asignadas. A persoa xefa de departamento debe coordinar a elaboración das programacións e responsabilizarse de validar ou poñer en revisión, de ser o caso, as programacións didácticas das distintas materias, módulos ou ámbitos que se integren no seu departamento didáctico a través da aplicación informática PROENS (no curso 2022-2023 cursos impares e curso seguinte todos os cursos).
- 1.2 As programacións deben cumprir co establecido no artigo 16 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 17 do Decreto 15/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Para os ciclos formativos de formación profesional estarase ao establecido no artigo 34 do DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- 1.3 As programacións deberán ser entregadas, antes da data fixada pola inspección educativa, a través da aplicación PROENS. A dirección do centro supervisará ditas programacións e as validará para a súa supervisión pola inspección ou as porá en revisión, se así procedera.
- 1.4 A xefatura de cada departamento elaborará información relativa á programación didáctica que dará a coñecer ao alumnado a través do profesorado das distintas materias ou módulos asignadas ao mesmo. As programacións daranse a coñecer ás familias a través da páxina web e un resumo da información que incluirá:
  - a.a Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
  - a.b Avaliación:
    - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
    - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

### 12.4 PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO

As xefas ou xefes de cada departamento didáctico elaborarán un plan anual do departamento que se incluirá ao principio das programacións didácticas, e que incluirá a seguinte información:

- Compoñentes do departamento didáctico: citar as materias impartidas polo departamento e o profesorado que as imparte:
  - Materias propias do departamento que imparte cada profesora ou profesor (número de horas, alumnado, alumnado con NEE....)
  - Profesorado do departamento que imparte materias que non son propias do departamento.
- Materias do departamento que son impartidas por profesorado doutro departamento.
- Reunións de departamento: periodicidade coa que se van a facer as reunións de departamento e horario (recreos, horas libres, tardes, e hora).
- Coordinación entre o profesorado que imparta unha mesma materia en distinto grupo, coordinación en caso de haber unha profesora ou profesor que imparte unha materia propia do departamento procedente doutro departamento.
- Se a metodoloxía, criterios de cualificación, educación en valores, etc. van a ser comúns nos distintos cursos.
- Actividades extraescolares previstas.
- Memoria dos resultados académicos dos últimos cinco anos e posta en práctica das propostas de mellora.

## 12.5. PUBLICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

As programacións didácticas publicaranse na páxina web do centro para que toda a comunidade educativa teña acceso a elas. O centro deberá facer públicos os criterios xerais de avaliación, os criterios xerais de promoción e os criterios de titulación do alumnado, co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado con criterios de plena obxectividade a través da páxina web do centro.

## 13 CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

A complexa e cambiante realidade social fai que sexa necesario abordar, dende o sistema educativo, todos aqueles aspectos da mesma que poidan ser mellorados a través da educación. Dende hai anos, vense deseñando e aplicando un programa de actuacións para desenvolver as distintas temáticas e aspectos que preocupan na nosa sociedade, tanto nos centros educativos como fóra deles.

No seu máximo nivel de concreción, as actuacións dos plans e programas abarcan dende a seguridade, a saúde e a prevención á seguridade vial, dende o medio ambiente e o consumo responsable, ata a lectura e as bibliotecas escolares, as conmemoracións ou a recuperación e a valoración de diferentes aspectos do noso acervo cultural.

O IES Cosme López Rodríguez, no exercicio da súa autonomía pedagóxica e organizativa, desenvolve numerosas iniciativas propostas, principalmente, pola Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidade e que están recollidas nos diferentes documentos do centro. Os criterios que rexen a nosa participación en plans, proxectos e programas veñen determinados polos obxectivos que definen a identidade do centro, entre eles:

- Favorecer a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a integración de todo o alumnado sen discriminación de ningún tipo.
- Facilitar o coñecemento do centro e a adaptación ao mesmo a todos os membros da comunidade educativa.
- Atender as necesidades do alumnado en materia de saúde e seguridade.
- Optimizar o proceso de ensino/aprendizaxe na totalidade do alumnado, desenvolvendo medidas destinadas á prevención e detección temperá de posibles problemas de aprendizaxe ou outras necesidades educativas do alumnado.
- Fomentar os valores democráticos. Consegur que o alumnado valore a responsabilidade, a cooperación, a solidariedade e o espírito crítico xunto á formación cultural e técnica.
- Lograr a implicación e a participación activa de todos os membros da comunidade escolar.
- Favorecer o diálogo, o traballo en grupo e o traballo cooperativo, como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado se desenvolven as súas habilidades sociais.
- Reducir ao mínimo os conflitos e promover a resolución pacífica dos mesmos.
- Mellorar a comunicación co alumnado e coas familias.
- Fomentar a acción titorial.
- Promover o coidado e limpeza das instalacións, o mobiliario e material escolar.
- Promocionar o respecto polo medio ambiente.
- Favorecer a aprendizaxe e a integración escolar de todo o alumnado; fomentar activamente no alumnado o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e a adquisición de coñecementos, axudándolle a desenvolver o hábito lector.
- Favorecer a igualdade e a coeducación.
- Acompañar e orientar permanentemente ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, académico e profesional.
- Fomentar os valores democráticos. Consegur que o alumnado valore a responsabilidade, a cooperación, a solidariedade e o espírito crítico xunto á formación cultural e técnica.
- Favorecer unha avaliación integradora
- Acadar unha visión global e comprensiva do coñecemento, alén da fragmentación que supoñen as disciplinas curriculares.
- Contribuír de xeito globalizado ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Promocionar o uso da lingua galega e o coñecemento do noso acervo cultural.
- Valorar o noso patrimonio artístico e cultural.
- Fomentar a lectura.
- Recoñecer as aportacións da muller en diferentes eidos ao longo da historia e previr a violencia de xénero.
- Potenciar o uso das tecnoloxías cunha finalidade formativa e de xeito seguro.
- Dixitalización da comunidade escolar.

Proxectos, plans e programas nos que participa o centro:

- Plan de igualdade.
- Plan de convivencia.
- Plan de acción titorial.
- Plan de atención á diversidade.
- Plan de acollida.
- Programa de reforzo educativo.
- Equipos de dinamización da Lingua Galega.
- PlanBE – Bibliocosme.

- RadioCosme.
- Hora de ler.
- Plan Lía.
- Plan Proxecta.
- Proxecto E-Dixgal.
- Plan dixital.
- Programas de Alerta Escolar.
- Navega con rumbo.
- Plan de limpeza.
- Proxecto interdisciplinar.

## **14. PROCEDIMIENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR**

A concreción dos currículos, establecidos pola Administración educativa, que lle corresponde fixar e aprobar ao claustro, forma parte do proxecto educativo de centro, tal como se dispón no artigo 121 da LOE, modificada pola LOMLOE. A propia LOMLOE define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

A presente concreción curricular, correspondente ao 2.º nivel de concreción, será revisada, avaliada e modificada periodicamente, adaptándose permanentemente, tanto ás novidades legislativas, como ás características e ás necesidades do IES Cosme López Rodríguez e de toda a súa comunidade educativa.

Ao comezo de cada curso a concreción curricular será revisada e incorporaranse as propostas de mellora recollidas da memoria do curso anterior.

Para a súa avaliación, utilizaranse principalmente os seguintes documentos:

- Propostas dos diferentes sectores e órganos da comunidade educativa.
- Memoria final de curso.

## **II. PROGRAMAS E PROXECTOS**

- PROXECTO LINGÜÍSTICO (Ver anexo)
- PROXECTO LECTOR (Ver anexo)
- PLAN DE BIBLIOTECA (Ver anexo)
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Ver anexo)
- PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL (Ver anexo)
- PLAN DIXITAL DE CENTRO (Ver anexo)
- PLAN DE IGUALDADE (Ver anexo)
- PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES (Ver anexo)
- OUTROS PLANS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO:
  - Plan proxecta.
  - Plan de Bibliotecas Escolares (PLAMBE, Voluntariado na biblioteca escolar, Radio na biblio, Lectura familias)
  - Edudixital: E-Dixgal
  - Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade
  - Programa de alerta escolar
  - Programas de innovación educativa: polos creativos.

1. PLAN DE CONVIVENCIA (Ver anexo)
2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC) (Ver anexo)

#### **DOCUMENTO N.º 4**

- PROXECTO DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS (Ver anexo)

## **AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO**

Para que este Proxecto Educativo sexa dinámico e adaptado ás características, algunhas variables no tempo, da comunidade educativa, debe ser revisado periódicamente polo Consello Escolar. Constituirase a tal fin unha comisión formada por unha nai/pai, unha alumno/a, unha profesora/or e un representante do persoal non docente, todos eles membros do Consello Escolar.

Calquera modificación do PEC someterase á consideración do claustro de profesorado (que terá que apoiar por maioría simple) e terá que ser aprobada polo Consello Escolar. Os aspectos curriculares deberán ser aprobados polo claustro de profesorado.